



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 54

**Sesión plenaria**  
27 de outubro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ZukinLAHQ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 3. Interpelacións**

#### **3.1 22101 (11/INT-001176)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 202, do 22.09.2021

#### **3.2 22563 (11/INT-001198)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

#### **3.3 23463 (11/INT-001237)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

### **Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**

#### **4.1 23842 (11/POPX-000043)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a rectificación das políticas de axuste aplicadas dende a anterior crise para impulsar a reactivación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

#### **4.2 23843 (11/POPX-000044)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a proposta da Xunta para que Galicia teña un financiamento xusto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021



## Punto 5. Preguntas ao Goberno

### 5.1 23841 (11/PUP-000211)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a condena por parte do Goberno galego das manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

### 5.2 23173 (11/POP-003364)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Arangüena Fernández, Pablo e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas para previr as verteduras nos ríos Asneiro e Deza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

### 5.3 23820 (11/PUP-000209)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022 no que atinxe ás partidas destinadas a infraestruturas viarias e ferroviarias en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

### 5.4 22483 (11/POP-003300)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gallego Sanromán, María Leticia e catro deputados/as máis**

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

### 5.5 22300 (11/POP-003284)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e tres deputados/as máis**

Sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

### 5.6 23148 (11/POP-003358)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021



**5.7 23831 (11/PUP-000210)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con diversidade funcional do centro San Rafael de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

**5.8 19543 (11/POP-002741)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a rectificación das políticas de axuste aplicadas dende a anterior crise para impulsar a reactivación de Galicia.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 8.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a proposta da Xunta para que Galicia teña un financiamento xusto.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

***Declaración institucional con motivo da celebración dunha xornada dedicada ás enfermidades reumáticas***

*O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación coa celebración dunha xornada dedicada ás enfermidades reumáticas, que se aproba por asentimento.* (Páx. 21.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 22.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 29.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 31.)



**Interpelación de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 33.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 36.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 39.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 41.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a condena por parte do Goberno galego das manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 44.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 45.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 46.)

**Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 47.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 48.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 50.)

**Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas para previr as verteduras nos ríos Asneiro e Deza. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 51.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 52.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 54.)

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2022 no que atinxe ás partidas destinadas a infraestruturas viarias e ferroviarias en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 57.)

Réplica do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 58.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Leticia Gallego Sanromán e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 59.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 61.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 63.)

**Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 67.)

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con diversidade funcional do centro San Rafael de Vigo. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 71.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 75.)

*Remata a sesión á unha e trinta e sete minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a rectificación das políticas de axuste aplicadas dende a anterior crise para impulsar a reactivación de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don Gonzalo Caballero Míguez. Cando queira.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señor presidente, señorías, estamos ante o reto da reactivación de Galicia. Despois da maior crise económica, social e sanitaria, a Xunta de Galicia ten a oportunidade de aproveitar esta reactivación para poñer aos galegos e ás galegas na súa prioridade; para favorecer unha saída a esta crise distinta á que vostedes aplicaron na gran recesión, cando vostedes gobernaban en España, cando gobernaban en Galicia, con esas políticas de axuste, de recorte do público, con esas políticas de austericidio que levaron a unha saída máis lenta, cun crecemento moito máis sosegado e cunha falla de aposta polo público que implicou círculos viciosos á hora de rexenerar e de impulsar a economía.

Agora hai un novo tempo, hai un novo paradigma, hai un impulso dende a esquerda que permitiu que haxa un novo Plan Marshall en Europa e que permite en España que o conxunto das administracións poidan apostar polas políticas keynesianas, polas políticas de gasto, polo posibilidade que lle dan, señor presidente, os orzamentos que vostede mesmo sinala que serán os máis altos da historia.

Ten vostede unha inxente cantidade de fondos porque outros que temos reflexións e pensamentos que priorizan as persoas fronte á austeridade, que priorizan o gasto público fronte aos recortes, que priorizan a sanidade pública e a educación pública conseguimos marcar unha axenda que lle vai dar á Xunta unha cantidade de fondos como nunca tivo.

Pero cando vexo os orzamentos que vostede quere presentar empezo a estar preocupado. E empezo a estar preocupado porque vostede nos orzamentos máis expansivos recorta os fondos en atención primaria, porque vostede ao longo deste ano despide centos de profesionais sanitarios que foron contratados pola pandemia como reforzo sanitario. Eses 1.200 profesionais que foron contratados o ano pasado para poder facer fronte aos retos da vacinación da sanidade son máis necesarios que nunca e necesitan contratos estables, non rescisión de contratos.

Preocúpame cando vexo que vostede tamén iniciou este curso despedindo centos de profesores que foran contratados polo reforzo. E preocúpame ver como en Galicia, no momento en que hai un vinte e cinco por cento de familias máis que teñen que atrasar os seus pagos de vivenda ou de recibos fundamentais nas súas vivendas, a Xunta de Galicia non prevé un grande escudo protector para axudarlles no 2022. *(Aplausos.)* É necesario, señor Feijóo.





A vostedes os orzamentos da Xunta danlles moitas posibilidades, pois teñen máis fondos que nunca; non os desaproveiten. Pensen nas persoas. Teñen que mudar a súa forma de facer política económica porque teñen orzamentos, pero nin teñen política industrial, nin política de I+D+I, nin política de apoio ao medio rural, nin política para salvar as persoas en máis dificultades. Teñen que mudar o seu paradigma e a súa reflexión para facer que os orzamentos sexan os da xente; para permitir que fronte ao que vostedes non fixeron noutra crise, agora se poida facer en Galicia unha política económica que impulse o país, que modernice a economía, que aposte polos servizos públicos e que aposte pola xeración de emprego de calidade en Galicia.

Neses tres ámbitos vostedes suspenden. Suspenden na defensa dos servizos públicos ao despedir profesionais sanitarios en educación. Suspenden na modernización da economía porque non hai ningunha estratexia nin orientación da política económica para conseguir que Galicia avance na vangarda. E, sobre todo, suspenden nas políticas de emprego porque nin as hai nin se esperan.

Seguen sendo o Goberno que non aproveita as posibilidades do crecemento para fomentar o incremento da poboación ocupada, para incrementar a xeración de emprego en Galicia. É o gran déficit do país e a Galicia que vostedes fan, que é unha Galicia que non aposta pola xeración de emprego, a pesar de tantas industrias e profesionais do país que teñen toda a capacidade pero que non encontran un aliado na Xunta. É algo que temos que mudar.

Cando a Xunta de Galicia se olvida da modernización económica, da xeración de emprego e dos servizos públicos, este goberno suspende e os galegos e as galegas necesitan...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...un impulso de futuro con políticas de progreso e con políticas de esquerda.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, unha vez superado o debate do estado da Autonomía pensei que podía vostede cambiar as súas prédicas e os seus mantras e empezar a falar realmente dunha nova etapa en Galicia.

Fala vostede de que estamos ante o reto da reactivación, e iso é certo. Fala vostede tamén que os maiores fondos europeos que temos é como consecuencia do Goberno socialista, e iso é falso. É falso porque en Europa non gobernan os socialistas, en Europa goberna o



Partido Popular Europeo; a Comisión está presidida por unha militante do Partido Popular Europeo. Por tanto, os fondos nada teñen que ver co Goberno socialista; os fondos teñen que ver cunha política europea onde o Partido Popular Europeo inxecta diñeiro á economía para volver reactivar a economía europea. Ese é o primeiro plantexamento, o real, e o seu primeiro mantra falso que vostede simplemente quere recalcar constantemente.

Sorpréndeme en todo caso que veña vostede falar aquí do austericidio. Austericidio é deixar 2.000 millóns de euros sen pagar, que deixaron vostedes nas liquidacións negativas, porque gastaron o presuposto dos anos 2008 e 2009 sen ingresos. Austericidio é meterlle 2.400 millóns de euros á Xunta de Galicia de débeda e de déficit público como consecuencia de que as autovías con peaxes na sombra non as souberon xestionar, e imputou en déficit da Comunidade Autónoma e en débeda pública. Ese é un austericidio de 5.000 millóns de euros que herdamos do Bipartito. Iso si, señoría, é un austericidio en sentido estrito.

E agora resulta que estamos co maior presuposto expansivo da nosa historia, que ten como consecuencia o maior incremento de gasto social da nosa historia, 8.600 millóns de euros, e o maior investimento produtivo da nosa historia, máis de dous mil quiñentos millóns de euros; é dicir, en dous anos máis de cinco mil millóns de euros. E ademais baixamos os impostos. Iso significa, señoría, que o que estamos a facer xustamente é reactivar a economía. E o que estamos a facer é dicirlle a verdade á xente.

Póñolle un dato no gasto social. O gasto social deste presuposto de 2022 ascende a 8.660 millóns de euros. Só o gasto social deste ano é superior a todo o presuposto que tivemos no ano 2013, a todo o presuposto do ano 2014 e a todo o presuposto do ano 2015. *(Aplausos.)* Comprenderá, señoría, que isto é xustamente protexer o gasto social.

Señorías, durante os anos que tivemos que emendar as contas, máis ben os contos, que deixaron vostedes de pufo na facenda autonómica, tivemos que vivir con moito menos diñeiro. Para facer infraestruturas, para gastos sociais, para pagar os intereses da débeda, para facer todo o que tiñamos que facer ao ano tiñamos menos diñeiro durante os anos 2014, 2015 e 2013 do que temos agora só para sanidade, política social e educación.

Por certo, señoría, cando vostede fala de que queremos reactivar a economía e que queremos propoñer... Efectivamente, eu propúxenlles a vostede e á señora Pontón: ¿cales son as súas propostas prioritarias para os fondos europeos? *(Murmurios.)* Aínda estou esperando por elas. Tiven que remitirlle a proposta do Goberno da Xunta de Galicia á vicepresidenta primeira do Goberno sen a oposición. *(Murmurios.)* En absoluto, non diga vostede que non llo pedimos de forma directa. Se fixemos unha comisión onde estivemos meses, e non quixeron votar ningunha proposta, simplemente porque viña do grupo maioritario.

Señor Caballero, espero e desexo que abandonen os mantras, abandonen os slogans e empecen a falar do país se realmente lles interesa.

Mire, señoría: o que fixemos é evitar a quebra de Galicia, o que fixemos é ter unha Galicia solvente e o que fixemos é a maior aposta polos servizos públicos que nunca...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...endexamais fixo un goberno en Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señor Feijóo, eu agradezo que vostede hoxe recoñeza que toda a súa política económica ao longo dos once anos anteriores foi un fracaso na Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Agradézolle, señor Feijóo, que vostede hoxe veña recoñecer á sede parlamentaria que ter o maior orzamento expansivo para o ano 2022 é unha cousa boa para Galicia. Xustamente o contrario do que vostede dixo e quixo facer en todos os anos da última década. E vostede ten un orzamento expansivo para Galicia porque hai un Goberno en España e unha forma de facer política económica que lle dá á Xunta ao longo desta pandemia máis de dous mil millóns de euros extraordinarios para conseguir fortalecer a posición da xente, da cidadanía.

Vostede repite moito ese mantra de baixar os impostos, porque paga o Goberno de España, o Estado. O Estado paga o que vostede non quere facer. E cando chegan fondos vostede non ten a capacidade nin a orientación de como marcar unha política económica para reactivar Galicia. Estes son os orzamentos nos que vostede recorta fondos en atención primaria. Estes son os orzamentos cos que vostede quere manter o despido de centos de profesionais sanitarios que foron contratados na pandemia e o despido de centos de profesores que foron despedidos ao inicio deste curso escolar. Iso si, vostede pode incrementar nun 6,7 % o gasto da Xunta en asesores do Partido Popular; en definitiva, (*Aplausos.*) en gastos innecesarios no momento da reactivación.

E é por iso que eu lle dou a benvida, señor Feijóo, se vostede empeza a rectificar e a recoñecer que o Partido Popular e a dereita en España e en Galicia estiveron errados ao longo da última década. Doulle a benvida ás políticas keynesianas, ás políticas expansivas, ás políticas que priorizan ás persoas. Doulle a benvida porque xa non quedan nin últimos mohicanos defendendo ese neoliberalismo que vostedes defenderon durante toda unha década, estrangulando as posibilidades do crecemento e estrangulando a xeración de emprego para priorizar os axustes das contas e a loita contra o déficit público.

Agora estamos nunha etapa distinta, e vostede ten unha inxente cantidade de fondos que vostede non recada, que os recada o Estado. Por iso vostede di que rebaixa os impostos. Iso si, primeiro, rebaixou o de patrimonio aos millonarios de Galicia. (*Aplausos.*) Ese é o seu balance. E agora que ten posibilidade de gasto, aproveite a oportunidade, non deixe pasar a oportunidade perdendo unha necesidade para tantos galegos e galegas que teñen dificultades para atopar emprego, para chegar a fin de mes, para conseguir unha cita en atención primaria, onde hai un problema gravísimo en toda Galicia, señor Feijóo. En todas as áreas



sanitarias sabemos todos os cidadáns que cando necesitamos unha cita no médico ou na médica temos que esperar; que hai un administrativo que decide se é presencial ou non presencial, que hai un retroceso, que vostede é cómplice...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...do retroceso da sanidade pública.

Cantos máis fondos hai, máis é a súa responsabilidade. Non desbote esa oportunidade que lle dan as políticas de progreso que vostede rexeita para facer progresar Galicia.

Pense nas persoas, nos cidadáns de Galicia, que non queren ver un goberno ausente, un goberno sen empatía, un goberno sen políticas de progreso para Galicia, e queren ver que eses...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...orzamentos expansivos chegan á xente.

E, por certo,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...nesta mesma sede parlamentaria, eu mesmo lle dixen que pactara cos grupos parlamentarios os proxectos europeos prioritarios, que había que facer un mapa de prioridades. Dixo que non, que non o ía facer. E agora fano mal, tarde e arrastro, porque este segue sendo un Goberno sen cabeza e sen estrutura para os fondos europeos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

(*Murmurios.*)

Silencio, por favor, vai dar resposta o presidente.

Rolda de peche desta pregunta, presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Debería vostede respectar un pouco máis a Galicia, porque cando escoitamos que o Goberno de España nos manda fondos, o Goberno de España non nos manda nada, mándanos o Goberno de Europa; o Goberno de España, cero. (*Aplausos.*) É máis: quítanos máis de seiscentos sesenta millóns de euros dos fondos europeos que recibimos.

E o Goberno de España non soamente nos manda menos fondos dos que nos corresponde, senón que ademais nos adebedou o IVE de máis de douscentos millóns de euros, que vostedes



dicían que era un «teatrillo» do Goberno de Galicia para confrontar co Goberno de España, e tivo que vir o Tribunal Supremo devolvernos o diñeiro que pagaron os galegos en impostos. (*Aplausos.*) Por tanto, señoría, un pouco de respecto pola realidade e pola verdade.

Señoría, segue falando vostede do austericidio. O austericidio supón que a economía galega crece máis que a economía española, que a economía galega exporta máis que a economía española, que a economía galega xa conseguiu os datos de afiliación e de paro prepandemia. Iso significa, señoría, que a economía galega funciona mellor que a economía española. (*Aplausos.*) Ese é o resultado destas políticas públicas.

Comprendo, señoría, que isto de vivir emitindo débeda e subindo os impostos o fai calquera. É o que fan vostedes: incrementar o diésel, incrementar a gasolina, incrementar o imposto de matriculación, incrementar toda a base impositiva de todos os impostos, do imposto de transmisións, do imposto de sucesións, do imposto de doazóns, do imposto de actos xurídicos documentados. Iso é o que están facendo vostedes. E despois falan de ricos e pobres. Pero, señoría, ¿hai algo máis inxusto que incrementarlle o diésel á poboación española en termos de pobreza? ¿Hai algo máis inxusto, señoría, que incrementar o imposto que grava todas as rendas baixas, que é o imposto de prezos ao consumo, con máis dun catro por cento o IPC?

¿Vén vostede falar aquí de política impositiva en favor das rendas baixas? Señoría, Galicia é unha das catro comunidades autónomas co imposto da renda ás persoas físicas máis baixo en todas as rendas medias e baixas de España. (*Aplausos.*) Esa é a nosa política impositiva, señoría: baixarlles os impostos ás rendas medias e ás rendas baixas.

Señoría, parece que xa non recorda o slogan do señor Zapatero, que suprimir o imposto de patrimonio era de esquerdas. Pero suprimilo na súa totalidade, e fíxeno. Nós suprimimos o imposto de patrimonio; por certo, cun acordo co Partido Socialista en Galicia. Comprendo que daquela o Partido Socialista podía pactar. (*Murmurios.*) Claro, efectivamente, esa é a proposta, señoría: cando toca, se é necesario e imprescindible, sóbense os impostos, pero o obxectivo fundamental é que a xente poida decidir onde mete o seu diñeiro, e non o decidamos vostede e mais eu. (*Aplausos.*) Esa é a política razoable deste goberno.

Pero, señoría, seguen vostedes co mantra dos profesores. Mire: hoxe temos 2.095 profesores máis que no curso 2019-2020; uns 2.095 profesores máis que no último curso prepandemia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, ¿realmente vostede quere falar en serio ou non quere falar en serio?

Hoxe o noso obxectivo é manter o 80 % de todo o persoal sanitario contratado durante a pandemia, o 80 % unha vez finalizada a pandemia. Segue vostede co mantra do gasto de persoal.

Cando chegamos á Xunta había 3.600 millóns de euros de gasto de persoal no Sergas. Hoxe hai 4.500 millóns, é dicir, un 23 % máis.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Segue vostede co mantra dos profesionais en atención primaria. Cando chegamos ao goberno había 442 millóns, hoxe hai 541 millóns, un 22,5 % máis de gasto de persoal en atención primaria.

Señor Caballero, dígolle con toda cordialidade, que sabe que lle teño, eu non sei quen vai ser o próximo portavoz do Partido Socialista na próxima sesión de control, nin sei quen vai ser o secretario xeral do Partido Socialista na próxima sesión de control. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso a min non me corresponde; non me corresponde, señoría...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...pero voulle pedir e ofrecer algo. Voulle pedir que despois destes meses... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si. Non se meta niso, por favor. Non se meta no tempo, que o tempo estouno controlando eu.

Ten que ir rematando, señor presidente.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero non me diga iso porque teño eu o control dos tempos do que falou o seu compañeiro que ten á esquerda. Por favor, non toque ese tema.

Remate, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero si lle vou pedir algo e a ofrecer algo, que é algo bastante razoable e equilibrado, como todas as nosas propostas. Eu vou pedirlle, señoría, que despois destes meses de bandos, de nomes, de codazos na súa formación política, superen eses meses perdidos para Galicia e póñanse a traballar. E voulle ofrecer a man tendida outra vez, e pido que despois deste congreso do Partido Socialista en Galicia *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* empecemos a traballar. Propóñollo: empecemos a traballar, sexa quen sexa o secretario xeral e o portavoz do grupo. A min dáme igual, que acerten vostedes. Pero pido, por favor, que deixen de tomarlles o pelo aos galegos e que se poñan a traballar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a proposta da Xunta para que Galicia teña un financiamento xusto**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.



Moi bo día.

Señorías, hai un discurso falso, pero que os partidos centralistas se empeñan en impoñer. É esa idea da Galiza pobre, da Galiza dependente do Estado, da Galiza que non ten futuro sen a graciosa xenerosidade do que nos vén de fóra. Un dos principais defensores desa idea falsa é vostede, señor Feijóo, que non confía no país porque pensa Galiza en pequeno, xusto cando máis necesitamos pensar Galiza en grande. Como fai o BNG, por exemplo, cando defende un concerto económico que nos dea a chave dos nosos cartos; é dicir, que nos permita recadar desde aquí sobre o noso, e despois facer contas co Estado sen discriminacións nin agravios.

Porque Galiza non é pobre nin vive do que lle manda o Estado; ao contrario, é o Estado quen fai caixa cos impostos dos galegos e das galegas, cun modelo que nos prexudica e que leva caducado dende o ano 2014. E as cifras son moi elocuentes, e imos dar datos oficiais do Ministerio de Facenda, en concreto do último exercicio liquidado, ano 2019. O Estado recadou en Galiza 13.212 millóns de euros, recibimos polo sistema de financiamento 8.142 millóns; é dicir, aportamos 5.070 millóns de euros ao Estado. E a proposta do BNG é moi clara: un concerto económico como teñen Euskadi e Navarra, que nos permita ter a chave dos nosos cartos.

Eu son consciente de que este é un debate no que vostede, señor Feijóo, ten as mans atadas polo seu xefe de filas, por Pablo Casado, que non lle permite defender esta opción. Pero é que polo menos teña un pouco de ambición de país e defenda unha maior autonomía fiscal e financeira para Galiza. E nesta liña o BNG tamén ten propostas concretas que queremos trasladarlle:

O primeiro, reclamemos que se amplíe a porcentaxe dos impostos cedidos ao 90 %. Estamos falando fundamentalmente do IVE e do IRPF, e conseguiríamos catro mil millóns de euros máis, mesmo co actual sistema.

En segundo lugar, reclamar a cesión do imposto de sociedades.

Terceiro, señor Feijóo, que tributen aquí as empresas que teñen actividade produtiva aquí. Iberdrola, Naturgy, Endesa e tantas outras deben pagar impostos en Galiza porque están explotando os nosos recursos naturais.

E, por último, avanzar nunha fiscalidade verde para poder facerlle fronte á emerxencia climática con máis recursos.

Cremos que este é un debate no que hai que consensuar unha posición de país. E eu propoñolle que o Parlamento sexa o foro para poder definir un novo modelo de financiamento xusto con Galiza. Porque o que non ten sentido é que para definir ese modelo vostede pretenda falar con todo o mundo menos cos galegos e coas galegas que están representadas a través das forzas políticas neste parlamento.

Señor Feijóo, este é un debate político que hai que dar. Pídlle que o centralismo non o cegue e, sobre todo, que pense no mellor para o país, porque sen autonomía financeira non hai



autonomía política. E estamos fartas de ver como cando deciden por nós en Madrid, Galiza perde. Queremos que Galiza gañe, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, o Bipartito, que está nas cidades e nas deputacións, acaba de acreditar que se rin dos galegos, e un di unha cousa, outro di a contraria, e dálles igual. O señor Caballero di que grazas ao Goberno de España temos fondos, e vostede di que o Goberno de España nos quita os fondos. Sería bo que se puxeran de acordo, polo menos nalgunha vez.

No tema do financiamento deberíamos de estar todos de acordo. Vexo que é difícil. Señoría, non me pida como presidente de Galicia que prexudica a Galicia. Non o vou facer nunca. Polo tanto, non me pida que faga o haraquiri intentando destrozarse o meu país simplemente para cumprir o seu diario ideolóxico, cativo, e dende o punto de vista económico disparatado.

Cando vostede fala das contas, o que nos vén falar é dos contos. Vostede non quere falar do déficit da Seguridade Social; iso non lle interesa. Se Galicia no ano 2014 xa tiña un déficit na Seguridade Social de máis de cinco mil millóns de euros; iso non conta. Non lle interesa. Esas contas non entran dentro dos contos nacionalistas. Pero para min si, señoría, que son o que teño que facer as contas, o que teño que cadrar as contas e o que teño que sacar este país adiante co grupo maioritario da cámara.

Por iso, señoría, parece mentira que vostede veña aquí outra vez co mantra do concerto. Parece que teñen vostedes asemblea; paréceme ben. No ano 2019, no debate do estado de Autonomía, falou timidamente do debate do concerto económico. No ano 2021, que acabamos de celebrar, díxoo. Díxoo efectivamente: nós queremos un concerto económico. ¡Ah!, pero nas propostas de resolución na cámara desapareceu o concerto económico do BNG. Isto hai unha semana.

Agora resulta que hai que retomar o concerto. Debe ser que teñen vostedes asemblea. Pero a Galicia impórtanlle pouco as asembleas dos nacionalistas, o que lle importa é saír adiante todos os días.

Mire, señoría: o concerto é un disparate. E non o digo eu, dio calquera economista, calquera especialista en facenda, calquera coñecedor da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas e calquera experto en financiamento de comunidades autónomas. Dino os socialistas; non sei se estes, dende logo os que estaban si, e supoño que estes tamén. Por tanto, non me veña aquí propoñer un disparate para o país. Bote as contas e non me fale de contos, señora Pontón.

As propostas nosas son propostas intelixentes, propostas que están matizadas, contrastadas pola doutrina, por economistas independentes, por xente que sabe de facenda pública e que





leva corenta anos co seguimento do sistema de financiamento autonómico: primeiro, revisar os pesos dos grupos de idade no gasto sanitario; segundo, desdobrar os grupos de idade en dependencia; terceiro, na educación ter en conta o padrón da educación obrigatoria e tamén o gasto das escolas infantís, que en Galicia son gratuítas ao cento por cento; ponderar mellor a dispersión, e, por suposto, señoría, un novo modelo para evitar o despoboamento, e especialmente enfocado no rural.

¿E por que? A poboación maior de 65 anos en Galicia supón o 25,7 % da poboación; en España, o 19 %. O número de maiores de 85 anos en Galicia é do 5 %; en España, do 3,3 %. ¿Por que non falamos disto no ámbito sanitario? Os maiores de 65 anos consomen o 50 % de todos os episodios de hospitalización e o 62 % do gasto sanitario. ¿Por que non falamos disto no financiamento do conxunto do país?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire: nós temos o 14 % dos centros de saúde de toda España e só o 6 % da poboación. Iso é a dispersión. Falemos diso, señoría. Señoría, nós temos un sobrecusto en gasto sanitario pola dispersión de máis de quíntos millóns de euros. Somos a primeira empresa de transporte público de España co transporte escolar. Un médico en Galicia atende quince núcleos de poboación, en España dous núcleos de poboación. ¿Verdade, señoría, que sería razoable facer unha proposta conxunta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dos grupos da cámara en relación coa dispersión, co envellecemento, co despoboamento e co rural?

Lamentablemente, señoría, os nacionalistas non se apuntan a Galicia, os nacionalistas apúntanse a si mesmos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada. Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente do Parlamento, creo que hoxe —vendo o que está pasando ultimamente nestas sesións— temos que facer unha proposta de modificación do Regulamento e que esta sexa a sesión de control á oposición, porque o escapismo do señor Feijóo, a verdade, *(Aplausos.)* é un retrato da súa incapacidade para dar un debate en serio.

Señor Feijóo, ¿sabe o que é un disparate? É ter un presidente da Xunta que non confía neste país e que vén a este parlamento dicirlles aos galegos e ás galegas que cos seus impostos



non chega para pagar a sanidade, a educación ou os servizos públicos. *(Aplausos.)* Iso si que é un disparate, que vostede se apunte á idea falsa de que Galiza é un país pobre e que non temos recursos para poder financiar os nosos servizos públicos.

Vostede xa prexudicou a Galiza en moitas ocasións. ¿Sabe cal foi unha delas? Cando asinou un sistema de financiamento que nos fixo perder desde o ano 2009 máis de nove mil millóns de euros porque prexudicou os intereses de Galiza. *(Aplausos.)* E asinouo vostede do seu puño e letra, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E os seus contos é vir aquí meter medo e introducir elementos que non teñen nada que ver co sistema de financiamento. Porque sabe que as pensións non as paga o sistema de financiamento, as pensións quen as pagan son os traballadores e as traballadoras coas súas cotizacións. *(Aplausos.)* Entón, polo tanto, non veña aquí meterlle medo á xente porque xa está ben, señor Feijóo, e porque só demostra a súa debilidade.

¿E sabe que pasou hai unha semana? Que vostede votou en contra de todas e cada unha das propostas que presentamos neste debate do estado da nación, de todas e cada unha. Ese é o seu diálogo, incluída a creación dunha comisión para abordar un tema tan serio como é o modelo de financiamento. ¿Por que non quere falar no Parlamento do modelo de financiamento, señor Feijóo?, *(Aplausos.)* ¿que é o que ten que ocultar?, *(Aplausos.)* ¿ou é que non hai tampouco unha proposta neste ámbito?

Porque o grave é que vostede veña aquí seguir pensando Galiza en pequeno. *(Murmurios.)* Non é suficiente con pelexar por media décima, unha décima ou un punto máis, é que hai que pasar e cambiar o paradigma e ter unha proposta ambiciosa. E eu —xa lle digo— xa sei que vostede por ideoloxía ten que defender o centralismo e abraza o centralismo, señor Feijóo.

Pero é que hai moitas propostas que neste marco poderían facer avanzar a Galiza, e vostede non as quere defender. Díxenlle varias na miña intervención, e voullas repetir porque como lle chiva tanto o señor Puy ao mellor non é capaz de escoitalas: ampliar a porcentaxe dos impostos cedidos até o 90 %, estamos falando do IVE e do IRPF, e poderíamos obter até catro mil millóns de euros máis neste sistema; segundo, reclamar a cesión do imposto de sociedades; terceiro, que tributen aquí as empresas que teñen actividade produtiva aquí, e que avancemos cara a unha fiscalidade verde e cara a unha fiscalidade xusta, na que non se lles dean agasallos ás rendas altas e si se utilice o sistema para facer unha función redistributiva e de xustiza social.

Vostede, señor Feijóo, saberá o que quere facer. E vostede, señor Feijóo, sobre todo ten que explicarlles aos galegos e ás galegas por que non confía en Galiza e prefire que decidan en Madrid, e non ter a chave dos nosos cartos nin ter nin tan sequera unha maior autonomía financeira.

É o retrato dun presidente que pensa Galiza en pequeno, e Galiza merécese pensar en grande, señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¡Pense en grande, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.



Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, se non lle damos a razón ás propostas nacionalistas é que estamos na oposición. É un bo plantexamento.

O señor Fernández Leiceaga, presidente do Partido Socialista de Galicia e senador —leo—: «O cupo fiscal propio prexudicaría gravemente a Galicia, cunha merma de recursos para a Xunta de Galicia cada ano por riba de mil millóns de euros». Un deputado bastante competente no Partido Socialista, que, lamentablemente, como é competente agora xa non está. O señor Santín —cito—: «Podíamos quedarnos co cen por cento da recadación e non chegar para pagar o que precisa a Comunidade Autónoma». Un exconselleiro de Facenda do Partido Socialista: «O concerto económico está contraindicado». Seguimos, Santiago Lago —supoño que coñecemos o profesor Santiago Lago, pois é un experto recoñecido no ámbito do financiamento autonómico—: «Pedir para Galicia un sistema foral desde un punto de vista estritamente financeiro sería facerse o harakiri». Non son eu, señoría; son todas as persoas que estou citando.

O presidente dos economistas galegos: «O cupo vasco e navarro son anacronismos. O problema dun posible concerto que tería que xeneralizarse sería inviable». O catedrático de Facenda Pública da Universidade do País Vasco: «As perdas de ingresos suporían máis do 3,8 % do PIB». Salvo os nacionalistas, todos estamos de acordo con que o concerto ao cupo, desde o punto de vista estritamente económico —deixemos a política á parte, deixemos a concepción da nación, deixemos a concepción do Estado, deixemos a concepción da equidade, da igualdade, da solidariedade entre os pobos que conformamos España, iso á parte—, é un disparate. E vén cos contos do nacionalismo galego volver meternos nun disparate. E pretende que o Goberno de Galicia entre no seu disparate simplemente para que sexamos pactistas.

Mire: eu pacto por Galicia. Se vostede quere pactar con nós, estamos absolutamente dispostos. É sorprendente, señoría, que me poida entender con seis presidentes do Partido Socialista en España e que non me poida entender cos nacionalistas galegos. (*Aplausos.*) É sorprendente, señoría, que teñamos máis puntos en común oito comunidades autónomas en España que os puntos en común que podemos ter o partido maioritario de Galicia e os nacionalistas galegos. Simplemente pola teima ideolóxica, absolutamente pechada, de non estar de acordo coa maioría para que as minorías se impoñan ás maiorías aínda que perdamos.

A ninguén se lle ocorrería, señoría, propoñerlle a Galicia unha perda dos seus recursos económicos. Mire: o imposto de sociedades se o transferimos, perdemos; están as contas feitas, señoría. Se vostede quere falar do IVE, sempre e cando as transferencias na porcentaxe do IVE sexan iguais para todas as comunidades autónomas, podemos falalo. Falar das contas, si; dos contos, non.

Señoría, o que vostede debería de concretar é: ¿vostedes están de acordo cun sistema de financiamento multilateral, é dicir, entre todas as comunidades autónomas?, ¿ou vostede está a favor de que Cataluña teña un sistema de financiamento específico e os demais



teñamos as consecuencias nefastas dese sistema bilateral? Vostede, ¿está con Galicia ou cos seus socios electorais?

¿Vostede cre que o sistema de financiamento para Galicia é aquel que saia da sede de Esquerra Republicana de Cataluña ou da sede do Goberno maioritario do país e que debateu este parlamento? Si, señoría, cando o Partido Socialista se dedicaba a intentar facer propostas en Galicia e non a mirarse o embigo, fixemos unha proposta, que vostede votou en contra e o Partido Popular e o Partido Socialista votamos a favor, que son os criterios do sistema de financiamento a Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** O Bloque en contra, por suposto. ¿Como non? Se aquí o que importa é o catecismo. (*Risos.*) Xa sei que non lle gusta o catecismo. Pois vostede sábeo de memoria; o catecismo nacionalista vostede sábeo de memoria, do a ao zeta. (*Risos.*) Eu soamente sei o catecismo de Galicia, que consiste en defender os intereses do país por riba de todo, (*Aplausos.*) por riba de calquera plantexamento ideolóxico e calquera plantexamento político. (*Aplausos.*)

Señoría,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...eu lamento a súa posición. E eu dígollo de verdade, porque creo que debería vostede xa de empezar a ter criterio dentro da súa organización. (*Murmurios.*) ¡Non pasa nada, señoría! Non crea que os partidos políticos teñamos que estar todos de acordo en todo.

Por tanto, eu vou defender o país; se vostede quere defender o país, ten a man tendida. Agora, como comprenderá, como presidente de Galicia, poder entenderme cos rexionalistas cántabros, cos socialistas de Castela-A Mancha, de Aragón, de Extremadura, cos socialistas de Asturias... é moi sorprendente que os nacionalistas galegos non se apunten a defender o país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire: entre Esquerra Republicana de Cataluña...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e Galicia, eu quedo con Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coa orde do día.

(Pausa.)

Un segundo... Hai unha declaración institucional que teño que ler. (Pausa.)

***Declaración institucional con motivo da celebración dunha xornada dedicada ás enfermidades reumáticas***

**O señor PRESIDENTE:** Leo unha declaración que me fan chegar os grupos:

Con motivo da celebración durante este mes de outubro de 2021 da xornada dedicada ás enfermidades reumáticas chegou a esta presidencia, promovida pola Liga Reumática Galega, unha declaración institucional asinada por todos os grupos políticos que paso a ler:

«Unha de cada catro persoas adultas sofre algunhas das trescentas enfermidades reumáticas coñecidas. Só en Galicia máis de medio millón de persoas conviven con estas patoloxías, e, por exemplo, no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña prodúcense catro mil novos diagnósticos cada ano.

As enfermidades reumáticas poden chegar a ser moi incapacitantes dende idades moi temperás, como é o caso da artrite reumatoide. Por iso é necesario concienciar socialmente de que este tipo de patoloxías van en aumento e acabar coa falsa crenza de que van asociadas á vellez. Este é o punto de partida para poder recoñecer os síntomas canto antes e evitar danos permanentes que condicionan a discapacidade.

A gran preocupación hoxe é a cronicidade e a comorbilidade que comportan estas enfermidades. Os pacientes requiren en moitas ocasións unha abordaxe sociosanitaria. E para poder dar unha resposta eficiente a Xunta de Galicia ten que buscar alianzas sociais e destinar o orzamento e o persoal suficientes para cambiar o modelo de atención e garantir que esta se faga en tempo e forma.

As enfermidades reumáticas provocan dor, cansazo, tumefacción ou inchazón das articulacións e limitacións da mobilidade; sintomatoloxía frecuente entre a poboación xeral. Unha de cada catro persoas ten ou terá algún destes síntomas nalgún momento da súa vida.

Os nenos e adolescentes tamén sofren patoloxías reumáticas. De feito, a artrite idiopática xuvenil afecta a un de cada mil nenos e é, xunto coa diabetes e despois da asma, a enfermidade crónica máis prevaecente na infancia. Esta inflamación crónica pode chegar a ocasionar unha deterioración funcional irreversible que impacta na vida do neno, provocando, entre outras cousas, absentismo escolar e dificultando a súa integración social. Ademais, é necesario lembrar que unha porcentaxe importante do



*bullying* que se produce nos colexios adoita ter como obxectivos nenos e nenas con discapacidade.

As enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas (Eremes) constitúen a primeira causa de incapacidade permanente no noso país. A artrose ocasiona un 52 % de invalideces, mentres que a artrite reumatoide e a espondilite anquilosante ocasionan un 2,2 % e un 1,3 % das invalideces respectivamente. Ademais, son a primeira causa de incapacidade temporal en Galicia. En 2010 supuxeron un gasto próximo aos 1.678 millóns de euros en incapacidades laborais temporais, dos cales 433 millóns foron sufragados polas propias empresas.

As asociacións de pacientes teñen contacto directo coas persoas doentes e están focalizadas en patoloxías específicas que precisan diferentes vías de actuación. Estar en contacto con persoas coas mesmas doenzas e necesidades supón un apoio importante para os pacientes.

Por todo iso, estes colectivos solicitan aos representantes políticos que consideren o impacto das Eremes na nosa comunidade, porque afectan o sistema sanitario, social e produtivo do país. Petición que acollen como propia as deputadas e os deputados desta cámara.

O Parlamento de Galicia reitera o seu compromiso cos dereitos e necesidades das persoas que sofren estas enfermidades. Manter á raia as Eremes é un compromiso de todas e todos.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021». (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

**O señor PRESIDENTE:** Agora si, continuamos coa orde do día.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Acabamos de asistir a un debate moi exemplificador. Vimos como o BNG fala aquí de defender os intereses de Galiza en materia de financiamento, xusto de ter máis capacidade fiscal e financeira, e o señor Feixóo fálanos de Cataluña. Vese moi ben canto une o centralismo, ese centralismo inxectado en vea para defender posicións prexudiciais para Galiza. Esta é a verdadeira cara do Partido Popular. (Aplausos.) E o problema eu creo que é que o señor Feixóo cada vez máis actúa como xefe da oposición. Debe ser que se está preparando para o 2024 xa, está facendo adestramento para o 2024.

Señora conselleira —indo ao debate de hoxe—, teño que felicitala, de verdade. Teño que felicitala porque onte fixo vostede e o seu departamento un intento dunha xogarreta, que foi utilizar un informe do Consello Galego da Competencia do día 2 de outubro, enviálo o 26 de outubro, xusto cando había un debate neste parlamento sobre a AP-9. Tardaron vinte e



catro días en enviar un informe porque quixeron facer contraprogramación do que se estaba debatendo aquí. (*Aplausos.*) Ese é o respecto que lle teñen vostedes a este parlamento.

Por certo, un informe de Competencia, igual que do Consultivo sobre os convenios, que vostedes aplicaron, presumiron deles e inauguraron as obras dese convenio no 2011, que apoia as teses que defende o BNG sobre a anulación das prórrogas. Pero vostedes non colleron esa vía. Debían utilizar eses informes para apoiar no debate de onte a posición do BNG e non o fixeron.

Claro, iso saíulles medio ben, medio mal, porque non lles compraron todos os medios ese titular. O que lles saíu fatal foi a xogarreta indecente de utilizar o Consultivo, manipulando burdamente o Consultivo no informe sobre o Porto de Marín e a adscrición de Ence. Porque saíu onte o Consultivo aclarando que o futuro de Ence non depende da adscrición aos terreos do Porto de Marín, depende da sentenza do Tribunal Supremo. O señor Feixóo foi a Madrid utilizar burdamente ese informe para defender a permanencia de Ence. Non vale todo, non valen atallos, non valen trampas e non valen enganos, utilizando o Consultivo segundo conveña.

Miren: política da auga, política do ciclo da auga. Temos que ter un punto de partida, que é que a auga é un ben básico —eu creo que nisto estamos de acordo— e que tamén é, contra o que parece, un ben escaso, un ben limitado, mesmo no país da chuvia e no país dos dez mil ríos. É un ben escaso e limitado. Niso estamos de acordo.

E tamén estamos de acordo en que temos graves problemas de xestión da auga. Vostedes falan do ciclo da auga e refírense concretamente a abastecemento, saneamento e depuración. Nós entendemos que hai que ter unha visión máis ampla porque o ciclo da auga é moito máis, non se pode ter esta visión lineal e finalista. Pero, ben, diso falaremos despois.

Está claro que temos un grave problema coa auga, que é un problema de país e que ten que ter unha solución de país. Unha solución onde participen todas as administracións e —diría eu máis— toda a sociedade; tamén por un principio de corresponsabilidade que hai que ter nesta materia. E non valen solucións unilaterais, non valen solucións impostas, que están condenadas ao fracaso. Por iso xa lles digo que a Xunta vai por mal camiño se pretende impoñer *manu militari* ese anteproxecto que lle chaman de «mellora da xestión do ciclo da auga». E vai acabar igual de mal que acabou o anterior intento que tiveron de crear unha sociedade de xestión da auga que lle chamaban a «Sogama da auga». Xa polo nome empezaron mal, ¿non?

Señora conselleira, este Anteproxecto do ciclo da auga, que nós tamén bautizamos como a «lei do sabrazo da auga», naceu mal. E naceu mal porque naceu cun importante déficit de diálogo e de participación. Por iso tiveron unha resposta contundente por parte da Fegamp. Teño aquí o informe de alegacións que fixo a Fegamp e podemos dicir que non deixa títere con cabeza nesta lei. A Fegamp, que é a representación de todos os concellos, e recórdolles: do PP, do PSOE, do BNG. E ese informe está compartido e está asinado polos técnicos da Fegamp.

Ese informe di cousas como que este anteproxecto de lei carece de memoria económica, que establece obrigas para os concellos que deben estar acompañadas de vías de financiamento,



que non respecta a autonomía municipal, que crea novas entidades de carácter funcional como as aglomeracións urbanas sen ter sustento legal, que impón actuacións aos concellos que comprometen a súa capacidade de gasto e de investimento, e que vai supoñer un encarecemento do prezo do servizo; concretamente, fai un estudo, unha análise, do incremento dos custos que vai ter polos novos tributos ou o cambio dos tributos que vostedes fan, e que valoran nun sesenta por cento. E por iso piden unha cousa moi clara e moi concreta, que é que se reconsidere a tramitación deste texto, que se faga de maneira consensuada entre a Xunta, os concellos e as deputacións.

Por iso nós lles dicimos aquí que a Xunta e Augas de Galiza están cometendo grandes erros, porque queren comezar a casa polo tellado, porque antes de levar adiante este anteproxecto de lei deberían culminar os traballos do Pacto local da auga, que levan dous anos paralizados, a pesar dos acordos que tivemos neste parlamento, e porque deberían elaborar e aprobar os plans xerais que están previstos na Lei de augas: de abastecemento e de saneamento. O de saneamento acaban de contratar a primeira fase. Estaba previsto facer eses plans no Plan hidrolóxico Galiza-Costa 2015-2021. Estamos en 2021 e contrataron agora a primeira fase do Plan xeral de saneamento, que vai levar ano e medio facela. Polo tanto, hai que esperar a ter esa planificación para poder abordar todas as cuestións que vostedes están poñendo sobre a mesa.

E necesítase un debate profundo, sosegado e tranquilo, que ten que partir tamén de recoñecer unha evidencia, que é que o modelo desarrollista que se levou a cabo, que se baseou fundamentalmente en enterrar quilómetros e quilómetros de tubaxes ao longo de todo o país, non serviu. Porque ese modelo está baseado no que se chaman as «infraestruturas grises», é dicir, en redes centralizadas nas que se levan as augas sucias e limpas. Alarmábase o outro día a directora de Augas de Galiza de que estaban detectando que había moitos regatos conectados ás tubaxes. Por algo será, porque se deseñaron e se fixeron mal esas infraestruturas, moitas delas dos plans da propia Xunta de Galiza. Si, é así. E por iso esas augas limpas e sucias acaban nas depuradoras e despois acaban vertidas no mar ou nos ríos. ¡É así!

Pois ese é un plantexamento absolutamente finalista e lineal que non ten sentido no mundo no que estamos hoxe. Hai que ir a outro tipo de solucións: a solucións de infraestruturas verdes, a solucións baseadas na protección e na prevención, no aforro e tamén na reutilización, e en combinar as infraestruturas grises, esas tubaxes, con infraestruturas verdes, e con solucións baseadas na natureza. Estas son as solucións que o mundo ou que o planeta elaborou e pensou xa dende moitos séculos atrás e que deben ser utilizadas hoxe, porque son as mellores. Non son as mellores as infraestruturas grises que levan o 99 % dos investimentos. Hai que cambiar por completo o modelo e a mentalidade á hora de afrontar estes debates.

Por iso o BNG trae propostas aquí. Somos un grupo, desde logo, de oposición, para criticar, para contrastar, para debater, pero tamén un grupo de proposición, para ofrecer alternativas de futuro para este país. E por iso propoñemos unha estratexia da auga 2030, que ten que ser froito dun grande acordo social e institucional, con medidas de protección e conservación dos recursos, que é absolutamente fundamental, pois é o punto de partida de todo.





Non podemos ter os humidais no estado no que están, señora conselleira. Vostedes teñen esa bicefalia na Xunta, que non sabe unha cabeza o que fai a outra. Porque, por un lado, está Medio Ambiente, que permite esa devastación dos humidais, con grandes proxectos depredadores, e, por outro lado, está Augas de Galiza —antes estaban xuntas pero agora separáronas—, e non sabe unha o que fai a outra. E poderíalle ler o que di a Estratexia verde de Augas de Galiza, que a teño aquí. Hai que protexer os humidais e as turbeiras; é absolutamente fundamental. Ten que ser un proxecto de país absolutamente prioritario.

Segundo. Medidas de aforro e de redución do consumo da auga. Porque estamos entre as comunidades que máis consumo teñen de auga, hai que reducir drasticamente o consumo.

Terceira. Medidas de reutilización e reciclaxe das augas, que non se está facendo nada nesta materia.

Cuarto. Medidas de construción de infraestruturas máis verdes e menos grises e de solucións de proximidade. Non se poden facer infraestruturas de quilómetros e quilómetros e quilómetros de tubaxe que acaban nunha gran depuradora porque iso non funciona.

E se apostamos por estas vías, pola nova cultura da auga, podemos converter o noso país nun auténtico referente, con solucións propias innovadoras, sustentábeis e eficientes. Por iso lle queremos facer as preguntas que vostede xa coñece:

¿Van facer os plans galegos de saneamento e abastecemento?, ¿vanos facer?, ¿cando os van facer? Porque o de saneamento está na primeira fase.

Segundo. ¿Van culminar os traballos do Pacto local da auga, que empezaron en 2013? Estamos en 2021; ¡sen tempo non era!

Terceiro. ¿Van retirar o proxecto de lei?

Cuarto. ¿Van abrir un proceso de diálogo e negociación con todas as partes como lles pediu a Fegamp?

E, por último, ¿van, de verdade, señora conselleira, traballar por lograr un grande acordo de país sobre a auga que tanto necesitamos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Éthel Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Moi bos días.



Grazas, presidente.

Señor Bará, por un momento pensei que non ía falar da auga. Alégrome que finalmente reconducira a súa intervención e hoxe nos poñamos a falar da auga. Eu agradézolle realmente moito que trouxera esta iniciativa para debater este Anteproxecto de lei de mellora do ciclo integral da auga. E coincidimos: a auga é un ben tan valioso como limitado e que merece unha reflexión profunda e sopesada da situación actual, dos problemas actuais, das ferramentas para buscar solucións para mellorar o ciclo integral da auga.

Señor Bará, debería sabelo: para nós gobernar é alí onde hai problemas afrontalos. O fácil sería mirar para o outro lado, porque empezamos a falar de competencias municipais; poderíamos deixar os concellos á súa sorte e que arranxaran eles soños este tema de saneamento, depuración e abastecemento. Pero nós estamos aí para afrontar os problemas e para axudar os concellos nesta tarefa, dende logo, complicada, custosa e moitas veces ingrata porque é moi difícil.

Na Xunta de Galicia así o entendemos e o noso deber é implicarnos para axudar os concellos. E facémolo porque a auga é imprescindible para vivir —todos o sabemos—, pero a auga inflúe na saúde pública, na pesca, no marisqueo, na acuicultura, no turismo e, por suposto, nos recursos ambientais como os humidais.

Por iso é importante a xestión da auga e afrontala, pois cando funciona mal o ciclo integral da auga afecta a todo isto que acabo de relacionar. Por iso, todas as administracións teñen que arrimar o ombreiro para axudar os concellos nesa tarefa complicada que teñen, que é a xestión da auga. Nós abordámola con seriedade, con dilixencia e con valentía —diríalle— e sen trampa nin cartón, sen complexos, sen tapuxos e con vocación de mellora, que é como afrontamos nós os problemas dun asunto tan relevante, que agradezo poder abordalo hoxe aquí e que queremos enriquecelo con propostas construtivas, señor Bará, que sexan construtivas para enriquecer o texto.

Creo que o Parlamento é o foro realmente ideal para poñer branco sobre negro, e facémolo coa maior transparencia posible, señor Bará. Por dúas veces ampliamos o prazo de consulta pública. Non me chegou ningunha alegación de vostede, eu agradeceríao. En calquera caso, estamos abertos para cando así o considere. Fixemos diferentes presentacións cos técnicos da Fegamp, continuando co Pacto local da auga, xuntanzas coa Fegamp, onde invitamos as deputacións, unha webinar, onde puido conectarse calquera e facer calquera pregunta sen ningún filtro. Polo tanto, un exercicio de transparencia e diálogo sen precedentes para esta lei.

Estamos a analizar xa as achegas recibidas. Xa lle adianto que, por suposto, aceptaremos algunhas, que as incorporaremos ao texto antes de aprobalo o Consello da Xunta. En calquera caso, creo que é atinado abordalo no día de hoxe para que atinen vostedes nas cuestións construtivas que poidan plantexar. Polo tanto, é imprescindible este labor didáctico.

E vostedes o que teñen é o afán evidente da confrontación e desgaste. Ese é o afán que teñen vostedes en relación coa auga e con todo. A min entrístéceme, señor Bará —que sabe que o respecto—, comprobar que para o principal partido da oposición a auga valla tan pouco;



entristéceme moito porque considero realmente que sabe do que falamos. E entristéceme porque converten a xestión da auga na peor política, que é empregar a mentira. Creo que con esas premisas falsas, con falsidades, as conclusións, polo tanto, son falsas, e por máis que digan mil veces unha mentira non a fai verdade, nunca a fai. Eu non sei se é por descoñecemento ou por desidia, pero hai problemas, problemas comúns, problemas graves, quedan moitísimos concellos... Dende logo, a min entristéceme a posición do Bloque Nacionalista Galego.

A min sorpréndenme esas contradicións constantes nesta materia por parte do partido que vostede representa, porque póñense detrás das pancartas para falar de sanear as rías ou os ríos, e agora o non polo non, sempre é non, por suposto que non. É unha lei que é para protexer a calidade das augas. E vostedes utilizan o principal argumento, increíble, resumido, que é a mentira facilona de falar do recibo. Esa é a mentira facilona, señor Bará. Dende logo, é increíble; creo que a auga é un tema máis serio para falar con máis profundidade e máis seriedade e profesionalidade.

Os feitos, eu creo que o desdín, pois levamos 1.100 millóns de euros investidos para apoiar aos concellos que teñen un problema; outros 100 millóns de euros para o ano que vén. Dende logo, os investimentos para axudar aos concellos son importantes. E acúsannos, primeiro, de que non resolvemos, e cando resolvemos os problemas, porque estamos resolvendo os problemas, que invadimos competencias. Pero ¿vostedes non ven que son incoherentes? E os galegos, dende logo, que non son parvos.

Eu tamén lle preguntaría: ¿que concepto non entende da palabra «voluntario»? Voluntario, opcional, é dicir, que un concello se quere, si; se un concello non quere, non. ¿Que é o que non entende da palabra «voluntario»?

Polo tanto, a min gustaríame saber en que quedamos. Vostedes acóllense a calquera cousa para munición contra a Xunta de Galicia, faga o que faga, incluso querendo mellorar a calidade das augas. Esas crónicas apocalípticas do BNG, señor Bará. Creo que saberá vostede que xa non me impresionan, ¿non si?, ¿ou non se acorda do Plan de transporte? ¡Sorpresa!, o mundo non se acabou; hai condutores, hai buses, moito mellor... É increíble. O concello de Pontevedra, por fin, grazas a ese Plan de transporte ten buses, grazas ao plan da Xunta de Galicia ten buses da Xunta de Galicia. Mire vostede esa crónica apocalíptica de que o mundo se acababa co Plan de transporte da Xunta de Galicia. Polo tanto, creo que con ese exemplo queda todo dito, e nesa cruzada pois meten o ciclo integral da auga con mentiras e mentindo.

A metade das depuradoras funcionan mal, teñen deficiencias e, polo tanto, hai que actuar. E o BNG póñense moi nerviosos, moi nerviosos cando falamos da auga. Eu creo que é un tema tan complexo que o supera, e logo voulle vou dar algún dato, porque hai exemplos concretos. Cóntollos:

Pontevedra, a única cidade onde o Concello de Pontevedra, do BNG, non quere saber nada da depuradora. Claro, é un marrón; non quere saber nada. Trinta millóns de euros para sanear a ría de Pontevedra. Onde gobernan vostedes, imos aí axudar. A concelleira de Medio Ambiente non sabe chegar ao bombeo de Cocheras, o bombeo máis importante de Galicia-



Costa en augas residuais da súa competencia. Chego eu e temos que dicirlle que chegue ao bombeo de Cocheras, que non sabe chegar. ¿Pero que me di vostede da xestión da auga?

Concello de Bueu, non acende os raios UVA da depuradora; dálle igual se afecta ou non a calidade das augas. Non se acenden porque son moi custosos.

Depuradora de Tomiño e xestión da auga de Tomiño. Iso xa é para nota do peor facer, da xestión da auga no concello de Tomiño. Dende logo, señor Bará, preocúpanos porque a depuradora de Tomiño sabe vostede perfectamente que a xestiona Augas de Galicia, facéndolle un favor titánico ao Concello de Tomiño levando esa depuradora. O Concello de Tomiño, onde governa o BNG, ríos e ríos e mares á rede colectores e que achante a depuradora. E, polo tanto, aos excesos e ao mal facer e ao peor facer do BNG en Tomiño, ¿que fai? Un sabrazo aos galegos: 120.000 euros ao ano que pagan todos os galegos, os seus veciños de Pontevedra, pola mala xestión do Concello de Tomiño, do BNG, na súas redes. ¿Que lle parece que todos os galegos...? Bote contas: en dez anos, millóns de euros. Polo tanto, iso si que é un mal facer.

A depuradora de Rianxo, pois o mesmo: vertidos e infiltracións á rede, a depuradora queda afectada, e a Xunta de Galicia ten que ir paliar esas desfeitas.

Na EDAR de Ribadeo, tamén, excesos de augas pluviais na rede municipal.

Depuradora de Poio, esa xa tamén é para nota o saneamento de Poio. No Concello de Poio, onde gobernan vostedes, o seu obxectivo era clarísimo: non quere saber nada de depuración, e o obxectivo é que depuren o resto dos concellos as augas residuais que se xeran no concello de Poio. Dende logo, solidario, cero. Non sabe buscar nin unha parcela.

Polo tanto, eu non sei que lle parece que poñamos condicións aos concellos para xestionar as súas depuradoras. Eu creo que é evidente que si.

A actitude do BNG está clara, porque é un asunto que non marca as súas prioridades, porque alí onde governa é o seu peor facer. E insisto: hai moitas mentiras, e é un tema voluntario. Nunca tivo as competencias da Xunta de Galicia, polo tanto, non imos obrigar, nin imos invadir competencias. Nunca vin tantas mentiras.

Señor Bará, o exemplo téñeno vostedes: ¿por que non aplican a xestión da auga ben en Pontevedra, en Bueu, en Tomiño, en Rianxo, en Ribadeo, en Poio? Polo tanto, teñen exemplos claros do mal facer, do peor facer de concellos do BNG da súa competencia. Miren as redes de saneamento deses concellos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señor Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, acusa vostede aquí nesta tribuna o BNG de mentir. Pois voulle dicir a quen está acusando vostede, vostede está acusando a Fegamp, porque foi a Fegamp quen cuestionou o contido deste anteproxecto de lei e quen denunciou o incremento abusivo das taxas da auga, dun 60 %. (*Aplausos.*) E teño aquí (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*) o informe que mandou a Fegamp o 15 de setembro na ampliación do prazo ou no primeiro prazo que vostedes sacaron isto, onde fai un informe sobre todas as deficiencias que ten este anteproxecto de lei e tamén sobre os incrementos das tarifas. Non é o BNG, é a Fegamp; é a Fegamp, ou sexa, BNG, PP e PSOE; os tres partidos avalan este documento. Polo tanto, vostede está acusando de mentir e de falsear a realidade á Fegamp. Teña coidado coas súas palabras.

E fala vostede e presume aquí de que investiron 1.100 millóns de euros. Pois este é problema. O problema é que investiron 1.100 millóns de euros equivocadamente, erradamente, con esas infraestruturas grises, con esas grandes infraestruturas, que non son as axeitadas e as adecuadas para o noso país. Coa dispersión que temos, trinta mil núcleos de poboación, non se poden meter quilómetros e quilómetros de tubaxes para levalas a unha depuradora e para despois verter esas augas contaminadas, sucias, ao mar ou aos ríos. Así non.

E, claro, como non ten argumentos, para defender a súa política vén aquí atacar os concellos do BNG. A conselleira de Infraestruturas vén á tribuna do Parlamento atacar os concellos do BNG. Xa lles gustaría a vostedes ter unha política modélica da auga como ten o Concello de Pontevedra, ¡xa lles gustaría! (*Aplausos.*) Se non hai ningún concello que teña tan poucas perdas na auga como ten Pontevedra. A EDAR dos Praceres —recórdolle—, señora conselleira, dá servizo a cinco concellos; é supramunicipal. ¿E sabe por que a xestiona Augas de Galicia?, ¿sabe por que? Porque nos exixiron xestionala hai máis de dez anos, porque foi a Xunta quen exixiu xestionala. ¿E saben por que? Porque querían ter baixo control as augas de Ence. Ese é o gran problema, querían protexer os intereses de Ence, porque vostedes sempre van da man de Ence. Esa foi a razón de que quixeran controlar a depuradora dos Praceres.

O problema de Poio está resolto, que era un problema de Poio e de Sanxenxo. ¿E sabe como está resolto despois de vostedes utilizalo como cabalo de batalla? Porque se declarou de interese xeral do Estado e está resolto.

E vostede fala aquí de moitos concellos do BNG, de Bueu, de Ribadeo... Pero ¿que me di de Marín?, ¿que me di de Soutomaior, da depuradora das augas residuais de Soutomaior?, ¿que me di de Sanxenxo? Non hai moitos concellos gobernados polo PP, a verdade, na provincia de Pontevedra, pero póñolle estes casos. ¿Que me di?, ¿son exemplares? Podería falarlle de moitas depuradoras que xestiona a Xunta de Galicia que son un desastre, algunhas de construción moi recente, como a de Cambados. ¿E vostedes acusan os concellos de facer as cousas mal? Pois son vostedes os primeiros que as fan mal.

E teñen que recoñecer unha cousa: que esta é unha responsabilidade compartida, é unha competencia compartida, porque vostedes puxeron na lei que teñen tamén competencias en materia de abastecemento e saneamento.



Con este anteproxecto o que fan é poñerlles deberes e obrigas aos concellos e tamén —disto falouse pouco, pero xa se falará— ás comunidades de augas, ás traídas veciñais, que van sufrir tamén un bo sabrazo con esta lei en forma de investimentos e en forma tamén de pago de novas taxas.

Ademais de intromisión na autonomía municipal —como denuncia a Fegamp—, vostedes non poñen a memoria económica ou financeira nesta lei, que é unha cuestión básica. E vostedes imponen unha suba abusiva das taxas. Di vostede: é voluntaria. Claro, pero vostedes están utilizando mecanismos coercitivos e de chantaxe de presión para facer pasar os concellos polo aro.

É absolutamente inadmisibile, indecente, intolerable o que fixo vostede coa alcaldesa de Tomiño. Non se pode facer iso, non se pode atacar unha alcaldesa porque criticou a lei, señora conselleira. ¿Ou vostede mandoulles esa carta ameazante —ameazante, si—, coercitiva, a todas as alcaldías que están na mesma situación que a de Tomiño, ameazando que teñen que facer as obras e que teñen que facer as cousas, se non que lles van traspasar a depuradora, cando esa depuradora foi xestionada pola Xunta do Partido Popular desde que se construíu? ¿A que vén iso, señora conselleira?, ¿ou isto é...? En fin, gardo a palabra.

E vostedes van tamén obrigar a facer ata sete plans de investimentos en obras aos concellos, a todos os concellos. Iso non vai ser voluntario, vai ser obrigatorio por esta lei, non é voluntario. E vai supoñer investimentos dos concellos, que poñen en risco a súa capacidade financeira nun contexto como o que estamos e a súa capacidade de investimento, porque terían que aplicar toda a capacidade de investimento a este capítulo. Non lles chegaría, señora conselleira, mire o que lle digo.

E, por último, sobre o diálogo e a participación. Vostedes utilizaron a vía unilateral e de imposición; abriron o prazo no mes de agosto, ampliárono dúas veces, porque llo pediu a Fegamp. Pero pola súa conta faríano así, a machamartillo. Vostedes non fixeron un proceso de consulta previa que se debe facer en todas as leis, falando con todas as partes afectadas. E a Fegamp pediulles ampliar o prazo, pero tamén lles pediu outra cousa, señora conselleira, téñao en conta, que era a petición primeira principal, pediulles a retirada deste anteproxecto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e creo que é o máis sensato. ¿Van retirar o anteproxecto, señora conselleira, e van abrir un proceso de diálogo? Quero que me responda a esta pregunta, porque na primeira vez non ma respondeu. Con todas as partes, ¿van deixar atrás esa política de ordeno e mando? ¿E van facer a planificación necesaria que está na lei, o Plan galego de saneamento? ¿Van levar a termo —como lle pediu este parlamento en 2017 por un acordo unánime— o Pacto local da auga?

Respóndame a estas preguntas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Peche da interpelación, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):**  
Grazas, presidente.

Señor Bará, a Fegamp cometeu erros, algún erro de vulto na estrutura tarifaria, incumprindo a normativa de tributos, e sábeo, e recoñéceo.

Está aquí contestado, e vexo que non o ten, a ver se lle asoma a luz. *(A señora Vázquez Mourelle amósalle un documento á Cámara e á súa presidencia.)* Non sei se eu llo podo entregar ao presidente do Parlamento ou como fago, pero quero que conste e que se lle remitan ao señor Bará as nosas contestacións de alegación á Fegamp, para que non volva trasladar novamente mentiras. *(Aplausos.)* Quero pensar que son erros de vulto do señor Bará, de descoñecemento da xestión da auga.

E sobre o tema de Tomiño, eu, dende logo, que celebre que a alcaldesa de Tomiño mande ríos á depuradora e que o teñan que pagar todos os galegos, incluso os veciños seus de Pontevedra, e que hai que aplaudila... E ningunha carta ameazante, señor Bará, ¡por Dios!, cando lle ofrezco á alcaldesa tres alternativas; é que estamos a ofrecer tres alternativas. Están mandado ríos á depuradora; ben, pois se quere seguir mandando ríos, terá que pagar Tomiño, non o resto dos galegos. Pode arranxar a rede e deixar de evitar mandar ríos; polo tanto, non paga nada. Ou, tamén, devolvémoslle a depuradora cun laciño, sen problema ningún, e deixamos de recadar nada, non recadaremos nada. Polo tanto, ningún problema con que a alcaldesa de Tomiño asuma a xestión da depuradora. Nós encantados. E vostedes, seguramente, encantados de como funcionará alí o sistema de saneamento.

Polo tanto, falando do Anteproxecto de lei da auga, eu recomendaríalle unha segunda lectura. Teñen esa peculiar cosmovisión da xestión que facemos na Xunta de Galicia, vostedes si que pensan en Galicia en pequeniño, en pequeniño, que é máis galego. Vostedes pensan en Galicia en pequeniño, porque é certo que nos municipios onde gobernan vostedes non son exemplo de boa xestión da auga. Nós recoñecemos que é un problema, que é difícil, que é ingrato, que é custoso, que non vende. Por iso estamos involucrados e axudamos os concellos. Vostedes unha vez din que temos que axudar e outras veces que invadimos competencias. ¡A ver se se aclaran! Nós queremos traballar con intensidade para solucionar esas carencias. Porque o obxectivo principal da lei é axudar, axudar os concellos.

E o seguinte obxectivo principal é mellorar a calidade das augas; é optimizar, profesionalizar a xestión da auga, axudando con investimentos. O ano que vén: 100 millóns de euros, e teremos oportunidade de falalo na comparecencia de orzamentos.

Esta lei implica regular, ampliar, estender ese apoio en igualdade, con obxectividade, eficiencia, corresponsabilidade. Aí coincidimos os concellos, a Xunta, as deputacións, señoría.

A min que aplaudan que a Deputación de Pontevedra non queira saber nada de axudar os concellos nesta materia preocúpame, entristéceme. Vostedes cogobernan alí, e eu creo que debería facer algo. Das deputacións a única que se implica neste tema é a Deputación de



Ourense, con Aquaourense e no consorcio do Barco de Valdeorras. Pregunte se estaba no consorcio o Barco de Valdeorras e pregunte se non está Aquaourense.

Esta lei nace da necesidade, do estudo exhaustivo, do coñecemento do territorio. Levantamos 2.500 quilómetros de rede de colectores axudando os concellos. É ir e volver a Madrid varias veces. Aí vese o que pasa. E a culpa non é da depuradora, señor Bará; non, confúndese. Eu suxeríralle un curso de xestión hidráulica, a ser posible, acelerado, que sería eu creo que benvido, e sería máis construtivo o debate. Porque estas deficiencias na rede de colectores afectan a depuradora e son consecuencia dos vertidos; non se pode xestionar un sistema soamente pensando na depuradora. É un erro de concepto brutal.

E nós temos modelos de saneamento nas áreas metropolitanas e modelos de saneamento no rural, debería sabelo. Voulle mandar os proxectos pilotos de saneamento no rural, con esas infraestruturas verdes, tal onde vai que o estamos facendo, señor Bará. Eu creo que non sabe o que facemos.

Eu teño que dicirlle que queremos profesionalizar a xestión da auga. E é unha mentira que sexa un modelo impositivo, porque é voluntario, regulado. Mentira a creación de novas taxas, porque existen; queda acreditado na alegación da Fegamp. Imos reordenar un sistema voluntario, insisto. Non sei que non sabe desa palabra «voluntario».

Mentira que queiramos excluír os concellos cos investimentos que non sexa neste modelo, porque é unha alternativa máis para xestionar as obras, unha alternativa máis das que existen, para ofrecer unha axuda aos concellos.

É mentira que a Xunta derive aos concellos máis obrigas e máis competencias, porque xa as teñen pola Lei de bases de réxime local.

É mentira que incrementemos o canon da auga, porque é un erro de concepto brutal. O canon da auga é unha taxa ambiental, non é unha taxa para os servizos.

Polo tanto, nunca vin tantas mentiras xuntas. E a min gustaríame que nos concellos onde gobernan vostedes nos dean algún exemplo de boa xestión e a ver se aprendemos algo.

As alegacións da Fegamp agardo que as lea con detemento para que entenda os erros de concepto que teñen vostedes na xestión da auga.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Queixas.





**A señora QUEIXAS ZAS:** Moi bo día, señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

Aquí estamos de novo para falar de cultura, para dialogar sobre a cultura en «clave monoteísta», como me dixo vostede nalgún pleno anterior.

Estou segura de que vostede é perfectamente consciente da información que se reflicte do informe da UNESCO titulado «A cultura en crise. Guía de políticas para un sector creativo resiliente», onde deriva que, efectivamente, a pandemia da covid-19, na que levamos inmersas máis de ano e medio, produciu danos moi importantes para o sector cultural e creativo, con carácter global. En Europa, no ano 2020, o sector da cultura di que foi o segundo máis afectado despois do transporte aéreo e que sufriu incluso máis perdas económicas que os sectores do turismo e da automoción, que son ben recoñecidos pola sociedade e, por certo, tamén receptores de importantes cantidades de diñeiro procedentes do erario público. Insisto: o sector cultural sufriu máis perdas que os sectores do turismo e da automoción.

En Galiza, evidentemente, a pandemia deixou tamén a súa pegada, témola connosco, e contribuíu, ademais, a despexar moitas das incógnitas que xa foran localizadas no ano 2018 na *Diagnose da cultura galega*, nese macro estudo que foi encargado ao Consello da Cultura Galega por parte, precisamente, da Xunta de Galicia, para sentar as bases e os piares da planificación da política cultural no Goberno galego.

Entre os elementos negativos, entre esas incógnitas que estaban entre os sectores culturais galegos e entre a creación, destacaban xa nesa altura moitos, que entendo que o Goberno tomou parte e boa nota deles. Mais eu quixera mencionar algúns aquí, como, por exemplo, a importancia do recorte no gasto público en cultura nos últimos anos dende a Xunta de Galiza, que, segundo a *Diagnose*, foi demasiado agresiva para un ámbito social que é de atención preferente.

Destacaba tamén a *Diagnose* a participación cultural na contorna rural como moi inferior á contorna urbana; a tendencia crecente dos poderes públicos a tratar os produtos e os servizos culturais simplemente como un valor de mercado, esquecendo esoutra parte fundamental, como é o valor inmaterial, o valor intanxíbel; as dificultades para o sector da creación para exportar o traballo creativo; o descenso do número de bibliotecas e o estancamento, ademais —moi importante—, do número de usuarios; a taxa de autoemprego demasiado alta; a descapitalización do tecido asociativo; o movemento cultural asociativo de base, que ten unha importancia tan grande no noso país; as dificultades para visibilizar a creación cultural a través dos medios de comunicación ou os excesivos investimentos en construcións, que, evidentemente, afectan de forma moi negativa, actúan en detrimento da propia dinamización do sector cultural.

En definitiva, un amplo relatorio de elementos débiles, de feblezas que cómpre atender e que veñen sistematizarse nunha gran conclusión, que literalmente di a *Diagnose* que as políticas culturais en Galiza carecen dunha estratexia, diagnose, planificación e avaliación.

Ben, ao longo do ano 2020, tamén agora deste ano que imos camiño de rematar, do 2021, o Observatorio da Cultura Galega sabe ben vostede que tamén foi publicando sucesivos



informes, análises, diagnoses de como esta crise sanitaria, económica e social afectou os sectores culturais en Galiza. E realmente o que conclúen todas elas, mesmo a última máis recente, é que a cultura foi unha das áreas máis prexudicadas dentro da economía galega, nomeadamente aquelas que teñen que ver máis coa realización de espectáculos ao vivo. Un escenario, ademais, que tamén confirmou o estudo de Escena Galega nesa comparativa que fixo entre os anos 2019 e 2020, e que en breve veremos tamén a respecto do ano actual.

Estas diagnoses que fomos coñecendo de forma sucesiva digamos que nos presentan un escenario marcado con tres piares: por unha banda, un tecido produtivo no ámbito da cultura vulnerábel; en segundo lugar, unha contracción, como é evidente, no consumo cultural por parte da poboación, e, en terceiro lugar, unha situación que aínda agora se presenta como moi incerta para as profesionais da cultura.

Hai outro aspecto que é moi importante dende o noso punto de vista e que debemos atender, que é tamén como impactou esta pandemia no que son os hábitos de consumo cultural, e tamén para iso temos, dende o Observatorio da Cultura Galega, información moi relevante. O gasto cultural viuse notabelmente diminuído, como era de agardar, e ademais unha parte moi importante da poboación deixou de acudir a eventos culturais públicos, alegando, sobre todo, falta de confianza na seguridade; é dicir, que ese cancelo da cultura segura non acabou de ser unha porta aberta que convidase a entrar con confianza no goce da cultura.

Con todo, tamén é certo que aquí hai elementos positivos moi importantes que entendemos que teñen que servir de base para a proxección da planificación cultural a partir de agora. Incrementouse, por exemplo, dunha forma moi notábel, o hábito da lectura entre a sociedade galega, e ademais algo máis dun 20 % da poboación galega afirma que prevé incrementar o seu gasto en cultura despois da pandemia, nomeadamente para aquilo que ten a ver coas artes escénicas, coa música e coa compra de libros.

Nos orzamentos deste ano 2021, incorporáronse partidas económicas importantes, procedentes da mobilización de fondos europeos extraordinarios, que, evidentemente, lles permitiron falar reiteradamente desa ampliación, deses orzamentos expansivos para a Consellería de Cultura. Pero isto foi así porque, efectivamente, dende a Unión Europea, se determinou que os poderes públicos deben protexer a cultura como un valor social de carácter preferente e como un ámbito económico que xera tamén valor e emprego.

Neste sentido, o Goberno do Partido Popular incorporou, como unha partida destacada no investimento da Consellería de Cultura, 9,6 millóns de euros para xestionar desde a Agadic, a través da creación do *hub* de industrias culturais e creativas, das que volvemos dicir aquí máis unha vez que apenas escoitamos un par de vaguidades nesta Cámara, e moi recentemente, en semanas moi escasas, lemos unha nota de prensa; o mesmo procedemento, por certo, ao que se achegou a información para boa parte do sector ao que se dirixe, que é o audiovisual.

Finalmente, non podemos deixar de mencionar aquí tamén a importancia de aproveitar este momento no que estamos, que ten que representar un punto de inflexión tamén para a política cultural, para converter o que podían ser debilidades en fortalezas e para entender dende a nosa



perspectiva, no BNG, a cultura dende unha óptica moito máis ampla, que se basee no principio da cultura como dereito fundamental, como ben esencial, que xa temos reclamado nesta Cámara.

É este un bo momento para sentar as bases dunha cultura sustentábel en Galiza, para reequilibrar esa óptica produtivista da cultura que tanto se instala con ópticas moito máis humanistas e que entendan a cultura como un dereito básico da cidadanía; para favorecer, polo tanto, unha economía da cultura máis social, que combata a precariedade laboral, que garanta unha xusta retribución a creadoras e creadores e que promova fórmulas cooperativistas que contribúan ao desenvolvemento local e a unha maior estabilidade dos proxectos e dos empregos, polo tanto.

É por iso que traemos esta interpelación e esta pregunta, señor conselleiro, que, formulada dun xeito xenérico, sería: ¿cal é a proposta de estratexia cultural dende a consellería que vostede dirixe, revisada e adaptada á conxuntura actual —entendemos que este debe de ser o punto de partida—, para acompañar os sectores culturais galegos nese camiño da recuperación e da reactivación económica que precisamos tamén para os sectores culturais galegos?

E preguntamos, porque realmente as pistas que nos foron deixando ultimamente non nos esclarecían as respostas. Comecemos, por exemplo, por refrescar a Comisión para a Reactivación Social, Económica e Cultural, que celebramos hai xa case un ano neste Parlamento e que deitou unha serie de propostas que realmente apenas recolleron o que os representantes dos sectores culturais deixaron aquí dito en comparecencia.

Aínda máis próximo a nós no tempo, no debate do estado da Nación, celebrado hai apenas quince días, comprobamos como a Cultura —con maiúscula— apenas ocupou tempo e espazo no proxecto político, en palabras do presidente da Xunta de Galiza; apenas unha única mención explícita nesa frase nominal «*Bono Cultura*», que comezará a funcionar o próximo 1 de novembro —apenas para dous meses, de novembro e decembro— e que chega algo máis dun ano e medio despois desta dramática pandemia, na que aínda continuamos. Un debate, por certo, en que o Partido Popular —como mostra característica e representativa do seu habitual diálogo— tampouco aceptou nada da nosa proposta de resolución a este feito pola reactivación da cultura e dos sectores culturais galegos, que consistía en comprometerse con ampliar o 1 % do orzamento ordinario da Xunta, que é o que están a demandar incluso dende a Unión Europea, a comprometer o 2 % dos fondos extraordinarios Next Generation, así como a impulsar a Lei do fondo cultural, que está prevista aínda de desenvolvemento dende o Estatuto de autonomía.

A expectación, evidentemente, sempre asoma, cada comezo de ano, na presentación dos orzamentos, por seren esa faciana concreta...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...e visíbel do proxecto político.

A lectura dos orzamentos para o 2022 non achega luces esperanzadoras que representen apostar pola reactivación e a consolidación de sectores culturais, ao tempo que garanta o acceso á cultura da cidadanía como un dereito básico.



É por iso —remato xa, señor presidente— que procede esta interpelación, señor conselleiro, para coñecer cal é ese proxecto político adaptado ás actuais circunstancias do Partido Popular, enfocado a impulsar un programa de estímulo dos sectores culturais galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Queixas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moi bos días, presidente.

Señoría, hai aproximadamente un ano, tamén por estas datas máis ou menos, eu explicaba nesta Cámara cal ía ser —cal era— a folla da ruta que dende o Goberno galego estabamos a aplicar para apoiar as nosas industrias culturais e as nosas industrias creativas.

Efectivamente, eran uns meses moi duros, tremendamente duros e complexos, e foi necesario, como vostede ben sabe, tomar medidas absolutamente extraordinarias. Afortunadamente, de hai un ano para aquí, mudou moito o contexto, e, aínda que non debemos aínda baixar a garda de todo, hoxe a situación, como vostede sabe, é absolutamente diferente e distinta á que tiñamos naquel momento.

A verdade é que, botando a vista atrás, darémonos conta de que foron moitos os cambios que se levaron a cabo nestes meses, sen embargo, hai algo que non mudou, e hoxe o que non mudou foi o compromiso deste goberno para apoiar a cultura, os nosos creadores e o conxunto das industrias culturais.

¿Que fixemos? Vostede plantexa un decálogo de desastres consecutivos, pouco menos. ¿Pero que fixemos ao longo deste tempo? Bueno, a verdade é que dende a Xunta de Galicia actuamos con urxencia. Detectamos que o sector cultural, efectivamente, ía ser un dos máis castigados pola situación pandémica, e dende o primeiro momento, dende a Xunta, actuamos con dúas perspectivas: unha perspectiva orientada a poñer en marcha axudas directas ás empresas e aos profesionais, ás persoas das que as súas familias viven da cultura, e, por outra parte, un apoio indirecto que fose centrado —que é o que se fixo dende a Consellería de Cultura—, que estivese orientado, a incentivar, a impulsar e a manter viva a actividade cultural.

Dende a perspectiva dos programas de axuda directa, hai que destacar que se fixeron tres plans de rescate e que os profesionais da cultura acudiron a estes plans de rescate. Cuantifícase aproximadamente en 7,5 millóns de euros o que os profesionais —pequenos autónomos ou pequenas empresas vencelladas coa actividade cultural— tiveron como..., non vou dicir beneficio, pero que si foron beneficiarios destes programas de rescate. E tamén



houbo axudas por parte do Igape, neste caso ás empresas, para dar liquidez fundamentalmente a esas empresas. E aquí estamos a falar de practicamente tres millóns de euros; é dicir, dunhas cantidades económicas significativas.

Dende o ámbito da Consellería de Cultura, o que fixemos foi unha política diferente, obviamente vencellada á nosa función, que é apostar e manter a actividade cultural, incentivando a produción cultural para mantela viva, incentivando o consumo, incentivando a produción, impulsando novos formatos, financiando novos formatos e reforzando as estruturas de programación. Creo que aí hai unha cousa na que non coincido con vostede, porque a cultura, durante esta época de pandemia, foi absolutamente segura, foi unha das actividades máis seguras que se levaron a cabo, con medidas moi difíciles, con protocolos complexos, pero creo que os profesionais do sector da cultura foron capaces de garantir a seguridade nos seus eventos, nos seus espectáculos e nas súas actividades, e iso foi a base da nosa actuación; é dicir, que as empresas e os autónomos puidesen seguir traballando, quizais como mellor xeito de manter o emprego, de manter a cultura profesional e, en definitiva, de manter a cultura; obviamente, nunhas condicións diferentes, nuns formatos diferentes, e todo iso dun xeito moi diferente.

Dende o primeiro momento nos demos conta de que era necesario activar accións específicas. Fomos a primeira comunidade autónoma que puxo en marcha un plan de reactivación específico en maio do ano 2020, xa hai tempo. Aí puxemos encima da mesa 26 millóns de euros, como xa digo, para incentivar o consumo, para modificar os formatos de produción e apostar por facer unha cultura dun xeito diferente, porque é a base de que se puidera manter o emprego nos sectores culturais. Iso foi no 2020.

E no ano 2021 mantemos esta liña e ampliámola; seguimos pensando na reactivación e seguimos apostando pola senda de crecemento. Neste momento, no ano 2021, estanse a investir 42 millóns de euros para reactivar a acción cultural. Obviamente, é un financiamento que está orientado aos profesionais, ás persoas que viven da cultura. ¿Para que? Para estimular a actividade produtiva, a actividade profesional, e para pór en marcha unha programación moi plural e tremendamente descentralizada que se foi levando a cabo ao longo destes meses.

Obviamente, estamos nun punto de inflexión, afortunadamente. Creo que houbo destas políticas que intentaron axudar, como debe ser, a cultura na época de pandemia, e tivemos resultados positivos. Creo que, ao final, estiveron ben orientadas e houbo resultados positivos. Vostede cita o Barómetro da Consellería da Cultura. Eu tamén vou citar o Barómetro do Consello da Cultura Galega, do que nos plantexan datos que nos axudan, en certa medida, a ser algo máis optimistas que o que vostede plantexa.

Dinos o Barómetro que os profesionais retoman cada vez máis a actividade normal, que se recuperan as facturacións das empresas e dos autónomos e que se están reducindo dun xeito moi rápido aqueles profesionais afectados por medidas excepcionais, teletraballo, ERTE, etc. E tamén nos di algo moi importante: que a Xunta é a administración máis valorada polos profesionais; moito máis que o Estado, por suposto, e moito máis que os concellos. Por certo, o BNG goberna nalgúns concellos, sen embargo, o resultado xeral é bastante cativo, e xa non



digamos o do Goberno do Estado. A verdade é que o Ministerio esqueceuse absolutamente do seu cometido, e parece que o Ministerio de Cultura é unha especie de premio de consolación para o Goberno socialista, que vostedes apoian sempre que poden.

En todo caso, estou seguro de que estes datos do Barómetro que foron tomados a inicio de verán agora mesmo serán moito mellores. Non me cabe a menor dúbida de que serán moito mellores, pero, como estamos a dicir, temos que seguir traballando, e seguimos traballando.

Vostede citou o Bono Cultura. Efectivamente, o bono cultural está agora, neste momento, en marcha, e xorde de algo que vostede —ou vostedes, a súa formación política— practicamente non tivo en consideración: da Comisión de Reactivación. Esta foi unha proposta do Partido Popular, e nesta comisión asignáronse unhas cantidades económicas tanto ao Bono Cultura, como, neste caso, á actividade de reactivación dos profesionais. E moito deste diñeiro foi dedicado a profesionais do mundo da cultura, como, por exemplo, o que son as orquestras profesionais.

¿Que queremos facer co Bono Cultura? Incentivar o consumo —creo que é moi importante— mediante un sistema de descontos, tanto para a compra de produtos como para a compra de servizos. Queremos incentivar o consumo. Hai outros bonos culturais tamén, ¿verdade?, que parece que queren incentivar outras cousas. Aí estou seguro de que estaremos de acordo. Aquí quérese incentivar o consumo mediante un aporte económico que mobilizará uns catro millóns de euros e que posibilita que unha persoa sen límite de idade —por suposto, hai que ser maior de idade, pero sen límite de idade— poida beneficiarse dun 50 % da compra de produtos ou servizos culturais ata un tope de 50 euros.

Esta iniciativa está xa en marcha. No día de hoxe temos máis de 300, concretamente, 329 establecementos adheridos —estou seguro de que se van sumar moitos máis—, e esperemos que a partir do 1 de novembro —tamén coincidindo co Nadal— se poida impulsar, mobilizar unha cantidade significativa de recursos orientada, como xa digo, a mercar produtos e servizos culturais e a meter unha inxección de liquidez, neste caso, aos sectores comerciais do mundo da cultura. E, como xa dixeran, cun obxectivo: incentivar o consumo cultural fronte a outros bonos que parece que queren incentivar outras cousas.

En todo caso, estamos xa mirando para o ano 2022, estamos en pleno debate orzamentario e estamos xa fixando as liñas mestras do próximo orzamento. Eu vou comparecer —como vostede sabe— en moi poucos días na Cámara, e xa lle anuncio que o orzamento de Cultura medra neste ano un 6 %, comparativamente co ano anterior. Leva moitos anos medrando porcentualmente, e estamos nun crecemento neste ano do 6 %. ¿Que queremos facer con este 6 %? Queremos continuar tendo unha política cultural de programación absolutamente descentralizada, que apoie absolutamente o rural. Hai poucas políticas culturais de programación máis descentralizadas que a que plantexa a Xunta de Galicia, sen dúbida, cun apoio constante ao espazo e ao medio rural, tamén cunha gran visión da internacionalización, intentando internacionalizar a actividade creativa dos nosos creadores e, por suposto, impulsando os nosos equipamentos.



En definitiva, este orzamento crecente do 6 % o que busca, o que persegue, é dinamizar a actividade cultural, sen dúbida ningunha, a través de programacións abertas, dispares, diversas, plurais e descentralizadas. E, por outra parte, fortalecer as industrias creativas porque, non o olvidemos, a cultura, se queremos que sexa un sector do cal vive un número moi significativo de persoas, ten que ser un sector cada vez máis profesionalizado. Por suposto que é un dereito básico, sen ningún tipo de dúbida, e por suposto que forma parte da nosa identidade, pero a cultura ten que fortalecerse na industria cultural e ten que fortalecerse na industria creativa. E, por suposto, os orzamentos do ano 2022 van nesa liña.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Queixas Zas, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Dos informes aos que eu me refería, efectivamente, falo, señor conselleiro, porque os teño lido, como é este último Barómetro de xullo do 2021 ao que vostede fixo referencia para asentar a súa intervención. Mais o que nos seguimos preguntando sempre no BNG é onde están as avaliacións da Xunta de Galiza. ¿Cales son as súas propias avaliacións que cotexen, que contrasten o resultado, positivo ou non, das súas políticas? ¿Cales son as avaliacións da Consellería de Cultura, do Consello da Xunta? *(Aplausos.)* Porque temos que saber se o diñeiro que estamos investindo dos galegos e das galegas ten realmente eses valores de eficacia e eficiencia e se ten bos resultados para o obxecto que se practica ou non. E a Consellería de Cultura, máis unha vez, non é capaz de darnos ningún tipo de dato obxectivo, só as percepcións e as impresións do señor conselleiro e do gabinete da Consellería. Pero, como comprenderá, a nós, igual que aos galegos e ás galegas, iso non nos pode valer, non nos podemos conformar.

E eu non fixen ningún decálogo de desfeitas. Ten que desculpar, señor conselleiro, pero traía vostede unhas anotacións previas que eu en absoluto deixei aquí. *(Aplausos.)* Non me pode acusar de ser tan previsíbel, en absoluto, porque as miñas intervencións veñen sempre feitas para o día e para o momento. Eu non fixen iso, eu o único que fixen foi dar lectura a eses informes obxectivos; avaliacións contrastadas das que dispoñemos todos e todas e que entendo que o Goberno tamén debe de ler e actuar en consecuencia, e non seguir unha folla de ruta que sexa única e exclusiva da Consellería, porque iso non conduce a ningures; ou, si, conduce a illarse cada vez máis, a separarse e a afastarse dos sectores culturais, da capacidade creativa tan rica, tan vizosa que temos neste país —e que, por certo, recoñecen reiteradamente fóra deste país— e a alonxarse ao mesmo tempo da sociedade galega. E iso é o peor que lle pode pasar a un goberno e sobre todo a unha consellaría de cultura.



E mire, si, claro que medra o orzamento, pero o problema é que medra ¿para que? ¿Para que? ¿Cal é esa folla de ruta que vostede na súa intervención aínda non explicou? Non foi capaz de dar nin un só dato concreto, nin unha liña concreta de cal vai ser a actuación e o investimento dese 6 % en que vai medrar o orzamento da Consellería de Cultura. ¿Canto vai vir dese medre para cultura exactamente? Porque tamén na súa consellería ten as responsabilidades de educación e de universidade. E ¿para que?, ¿para que eixos culturais e para que política de reactivación e de recuperación da cultura galega?, como di vostede e como din dende a súa consellería. Iso é o que precisamos saber.

Porque xa hai un ano, efectivamente, vostede aquí declarou por activa, por pasiva e perifrástica o tremendo impulso deses orzamentos expansivos da Consellería de Cultura. Pero é que un ano despois preguntámonos: ¿onde están?, ¿que quedou?, ¿que se asentou na cultura galega? Porque, sinceramente, non o percibimos, e non é que non o percibamos no BNG porque somos algo pitoñas de vista, senón porque non o perciben os sectores culturais en absoluto. *(Aplausos.)*

E, mire, un ano despois, eu teño que seguir falando do mesmo. Efectivamente, teño que repetirme, porque seguimos no mesmo plan. Non se avanzou en algo tan estrutural e importante como é a Lei galega de artes escénicas. Non se avanzou no Plan integral de danza no que vostedes levan traballando dende hai non sei cando, pero que non se sabe —ninguén sabe— por onde van os tiros. O CDG —Centro Dramático Galego— e o Centro Coreográfico Galego están sumidos na máis absoluta extenuación, e baixando neses prometedores orzamentos do ano 2022. *(Aplausos.)* O Centro Galego das Artes da Imaxe...; non, perdón, a Fimoteca de Galicia, que esa foi toda a nova obra emprendedora que se fixo con esta Fimoteca Nacional Galega, cambiarlle o nome... O das obras, o da biblioteca pechada, o da falta de persoal, o do arquivo sen inventariar e as obras sen empezar seguen esperando... Xa veremos se no 2022 ou no 2023. *(Aplausos.)* Iso si, na Coruña xa non temos programación, está pechado, e por máis que busquei non sei até cando nin por que. As usuarias da Fimoteca de Galicia non sabemos que está pasando, só que aquilo está pechado e que quedamos sen programación.

E non sei se eses orzamentos expansivos van chegar ao sector do libro porque os orzamentos me din que non; os orzamentos dinme que segue baixando outra vez o investimento no sector do libro galego. Neste momento é que nin chegan ao 2,1 % do total deses macroinvestimentos expansivos e en medre continuo e ascendente da Consellería de Cultura. Vostede dirame por que incluso hai partidas destinadas á dinamización do libro galego que desaparecen, como é a 7701. Pode tomar nota porque esa xa está tamén localizada, aínda que, como vostede di, vemos así dunha forma un pouco limitada.

A proxección internacional está moi ben citala, pero hai que concretar en que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Eu supoño —remato, señor presidente— que para a Feira do Libro de Frankfurt o ano que vén, en que España vai ser ese estado convidado de honra, xa vostede tamén estará en comunicación para saber que programa vai representar a literatura galega





e os autores e autoras, porque, por certo, de Cataluña xa lin algunha información, pero aquí...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...da Consellería de Cultura, aínda ningunha.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Agardemos que nesta segunda intervención súa si empecemos a poder crer que esta poida ser a lexislatura da reactivación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...da cultura galega. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidente.

A verdade, señoría, é que vostede é tremendamente previsible. *(Murmurios.)* Pensabamos escoitar absolutamente o que vostede dixo. *(Murmurios.)* Pero, mire, eu creo que, ao final, o tempo sempre dá e quita razóns, e vostedes teñen unha percepción que é respectable, o malo é que a súa percepción é unha percepción pequena —como vostedes adoitan dicir agora mesmo—, ven só a parte que vostedes queren ver e non ven o resto.

Mire, eu utilicei na miña intervención datos do Barómetro do Consello da Cultura Galega, que din claramente que é a Xunta a administración mellor valorada polos creadores culturais, algo que non se pode discutir. E vostede dime que traíamos aquí datos propios. Voullos dar. Pero tamén me resulta curioso que, cando traemos datos propios, vostede nos acusa de propaganda, de publicidade, de autobombo, e dinos que eses datos son mentira. É o primeiro que fai: autobombo, publicidade... Digo vostede, pero non o personalizo en vostede, personalízoo —digamos— na parte opositora, neste caso, do Goberno.

Mire, no ano 2020-2021 as políticas que se puxeron en marcha de reactivación deron bos resultados. Un elemento que as avalía claramente é o Barómetro. No ano 2022, xa lle dixen, o orzamento medra un 6 % nas partidas de cultura. Teremos ocasión —creo que dentro de dous días, o venres— de analizar e avaliar caso por caso o que se fai cos recursos económicos, neste caso, do Goberno autonómico.



Pero, mire, vostede plantexa unha visión un pouquiño —se se me permite— triste, dunha cultura triste. E vostede fai unha apreciación realmente significativa. Di: non, é que vostedes non están nin ao lado da sociedade nin ao lado da cultura, dos creadores. Como se este grupo parlamentario e este goberno fôsemos persoas que estivésemos á marxe da sociedade. ¿E non se dá vostede conta de que somos os representantes da vontade democrática dos cidadáns e que nos votan moito máis que a vostedes? (*Murmurios.*) ¿Non se dan conta diso? É un acto de soberbia, de auténtica soberbia, dicir que non temos en consideración nin á sociedade, nin aos sectores... ¡É realmente sorprendente!

E vostede di que non facemos nada para apoialos. Mire, neste verán —vaime dicir que é propaganda— programamos, en colaboración con entidades, con colectivos, con concellos, uns 3.000 eventos culturais: 1.000 vencellados ao Fondo de proxectos culturais do Xacobeo, 600 vencellados ao Programa da cultura no Camiño, 200 da Rede galega de teatros e auditorios... Sorpréndeme que critique vostede o CDG, cando está ao máximo de actividade; non se dá feito máis no CDG. Eu invítoa a vostede a ir ao CDG a ver a súa programación e a ver o fantástico traballo que se fai no CDG. Agora, vostede trae o seu discurso de serie e a súa visión de serie e ve todo moi triste, moi pequeno —como din vostedes—. Podíamos falar cos dos concertos das bandas financiadas pola Xunta de Galicia, das accións de danza vencelladas ao patrimonio e de moitísimas actividades que estiveron todo o verán desenvolvéndose e que posibilitaron que o sector cultural traballase, que é o máis importante, que o sector cultural puidese traballar.

Obviamente, iso é o que se fixo; agora temos que ver o que se vai facer. No que nos queda de ano, temos programadas unhas 2.500 actividades culturais. E ¡joia! hai que ter certa altura de miras —eu pídolle iso— e non mirar simplemente cunha mirada curta, coas luces curtas e ver só un camiño. Vostedes teñen esa pretensión constante de ver só un camiño. Obviamente, para o seu autoconsumo está ben, eu non o discuto, autoconsumo e está perfecto, pero, miren, se miran atrás e ven como foi a evolución nos sectores culturais nestes momentos tan difíciles da pandemia, eu creo que é realmente para estar orgullosos do traballo que fixeron, e non só os sectores culturais, tamén os profesionais culturais, para poder manterse nunha situación tremendamente difícil; obviamente, coa axuda das administracións. Nós axudamos, acompañamos, fixamos estratexias comúns, participamos, dialogamos..., pero non se pode negar absolutamente a evidencia.

Vostede falou aquí do *hub* audiovisual, efectivamente, como se fora algo que estiveramos tapando. Tivemos moitísimas reunións cos profesionais do *hub*. Di vostede que non se sabe nada. ¡Pero se acaba de saír unha orde por 2 millóns de euros hai moi poucos días! ¡Dous millóns de euros! Tremendamente ben recibida por parte do sector. Por iso digo eu que vostedes teñen a mirada curta e unha mirada moi focalizada no que lles interesa, e o resto non o miran. Pois, mire, neste sector —que é un sector tremendamente importante para a cultura, que xera moitísimos eslabóns de creación, moitísimos eslabóns creativos— hai unha aposta tremendamente importante por el.

Ou vostede cita tamén noutros casos o mundo do libro. Dareille datos moi concretos do apoio que esta consellería fixo e fai ao mundo do libro. E seguramente quedará sorprendida, ou ao mellor o nega ou ao mellor di que é publicidade ou propaganda porque os plantexa o Goberno.



En todo caso, señoría...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...eu tamén lle pediría que, como representante dun partido político que goberna en moitos concellos e en moitas deputacións, que ten responsabilidades en moitas deputacións e en moitos concellos —en máis dos que nos gustaría, tamén llo digo—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) tamén se aplique algo o conto...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que tamén se apliquen algo o conto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e que lle fagan caso ao Consello da Cultura Galega, que a quen peor os clasifica é a vostedes. (*Murmurios.*) Co cal, agardemos que rectifiquen e agardemos que fagan unha política un pouco máis xeitosa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos ao seguinte punto, de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a condena por parte do Goberno galego das manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas.

Bo día, señora conselleira.

«*Ya no es un órgano administrativo, no es una administración. Es un órgano político gobernado por el Ayuntamiento de Vigo, por el anciano Abel Caballero y su chacha para todo, que es Carmela Silva*».

«*Chacha para todo*».



Por esta declaración o Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra condenaba a comezos de verán o alcalde de Vilanova de Arousa, o popular Gonzalo Durán, como autor dun delito leve de falta de respecto e consideración debida á autoridade no exercicio das súas funcións, ao insultar no ano 2018 a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

O autor de tan miserable afirmación recorría esta sentenza que, hai pouco, a Audiencia Provincial de Pontevedra ratificaba nunha resolución firme contra a que non cabe recurso.

A sentenza da Audiencia Provincial é contundente. Vou pasar a lela textualmente:

«Non cabe dúbida de que en termos constitucionais as manifestacións vertidas non versan sobre un feito de interese público, senón máis ben é un xuízo de valor, máis ben de desvalor» —di a sentenza— «concernente á condición de muller da presidenta da Deputación de Pontevedra e que lesiona a honra da prexudicada. A frase consignada contén unha opinión na que se empregan expresións, palabras ou termos desproporcionados en canto a un significado ofensivo ou vexatorio, claramente sexista e machista. O que fai é atacar a súa actuación pola súa condición de muller, cuestión esta que non pode ser amparada polo seu dereito á liberdade de expresión.»

Contundente, ¿verdade? Non obstante, o señor Durán, lonxe de rectificar, continúa reafirmándose nas súas declaracións, que considera lícitas, e ameaza con pedir amparo ao Tribunal Constitucional e mesmo tamén ao Europeo. Tamén asegura e se ratifica de que «chacha» non é un insulto. E fíxese que a nós non nos sorprende, non nos sorprende en absoluto ese xuízo clasista propio, por certo, da dereita máis rancia. (*Aplausos.*) Pero que non nos sorprendan esas declaracións non significa que non pensemos que deben ser obxecto de condena. Son actitudes machistas e clasistas absolutamente inaceptables que indignan a todas as mulleres, e por iso botamos de menos unha manifestación de rexeitamento do PP; por suposto tamén das deputadas populares desta Cámara, das que nada soubemos.

Como digo, diante desta situación, ao Grupo Socialista asómbraunos o silencio imperdoable do Partido Popular dende o momento das declaracións en 2018 ata hoxe, cunha sentenza firme.

Así que, coa vontade de que hoxe poidan por fin pronunciarse coa seguridade de que o alcalde do PP de Vilanova de Arousa nunca tería proferido eses insultos se esa deputación estivese presidida por un home, queremos preguntarlle se o Goberno galego vai condenar as manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra, toda vez a Audiencia Provincial vén de ratificar esa sentenza mencionada nunha resolución firme que supón a primeira vez que un alcalde é condenado en Galicia por insultar unha rival política polo feito de ser muller. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas, presidente.



Bos días.

Penso que a posición do Goberno galego respecto de calquera comportamento machista que vaia en contra de mulleres polo feito de ser mulleres é clara, coñecida e inequívoca. En concreto, o presidente da Xunta de Galicia manifestou xa en reiteradas ocasións a postura do noso goberno respecto das declaracións ás que vostede se refire hoxe aquí. Dixo exactamente que eran declaracións desacertadas, que eran declaracións impropias e que isto estaba por riba de calquera discrepancia política. E, unha vez máis, reitéroo eu aquí, reitero estas palabras, condeno todo tipo de manifestacións, de actitudes que supoñan violencia, que supoñan discriminación, e que supoñan machismo contra as mulleres. E condénoas veñan de onde veñan e fágaas quen as faga, e condenámolas todas, señoría. *(Aplausos.)*

Penso que isto non é a primeira vez que o digo eu nesta Cámara e, como conselleira de Igualdade, que o digo en nome do Goberno galego. Recordarán que eu mesma condenei outros feitos que tiveran lugar, non hai moito tempo, nun medio de comunicación, e tamén condenei unhas declaracións que atentaron contra a dignidade dunha deputada deste mesmo Parlamento. Como digo, sempre o farei, o Goberno sempre o fará, prodúzanse onde se produzan e veñan de quen veñan.

Polo tanto e respecto da súa pregunta, sempre rexeitamos estas actitudes, penso que coa mesma énfase e penso que do mesmo xeito: dun xeito categórico, dun xeito tallante e dun xeito firme. Condenaremos sempre calquera manifestación, calquera acción, calquera conducta, calquera discurso e calquera acto que atente, que denigre ou que teña un carácter violento ou un carácter machista contra as mulleres.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Si. Alegrámonos, señora conselleira, de escoitar esa condena, aínda que sexa tarde, polo menos coa contundencia que agora o acaba de dicir, e, dende logo, tan tibia.

Agora tamén nos gustaría que pedisen desculpas en nome do Partido Popular á señora Carmela Silva — lembremos que segue a ser a presidenta da Deputación de Pontevedra — e tamén, xa de paso, que conviden a dimitir a esa persoa que demostrou non merecer ocupar o posto de representación que ostenta.

Referirse a unha muller como «chacha» e tentar normalizar ese termo despectivo para identificar unha muller sometida é propio do máis rancio clasismo e propio tamén dun machismo exacerbado. Non, non; as mulleres a isto dicimos non e dicimos basta. Porque esa normalización do machismo aféctanos a todas e, como nos afecta, tamén nos indigna. Pese o que lles pese, a presidenta da Deputación de Pontevedra é unha muller coa mesma lexitimidade no posto que ostenta que os outros tres homes homólogos nas outras tres



provincias galegas. E a verdade é que o debe de estar facendo moi ben á vista dos ataques que recibe. Lembremos xa que no ano 2016 un concelleiro do PP de Moraña chamaba a esta mesma presidenta da deputación «mala zorra e sinvergüenza». Claro, o que nos preguntamos nós é se pensan que o señor Durán diría o mesmo se o presidente da Deputación de Pontevedra fose un home.

Logo, despois, é certo que poden vir aquí con discursos feministas, pero a realidade é que presentan, dende logo, un cinismo que é o cinismo propio do Partido Popular, porque isto non é só un arrebatado dun alcalde; o seu silencio en todo este tempo —e máis dende que a sentenza se coñece que é firme— denota a aceptación de tan miserables palabras.

A verdade é que é lamentable que teñamos que vir a este Parlamento a exixirlles unha condena, cando a resposta a eses ataques machistas debería ter sido inmediata e pública. Rogámoslles que para vindeiras ocasións, que tememos que, lamentablemente, haberá, sexan máis dilixentes nesa resposta [...]. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas.

Señora Díaz, eu non sei se vostede trae o discurso pechado ou non escoitou o que eu lle dixen, pero o presidente da Xunta, xa naquel momento, condenou esas declaracións. Entón, esta non é a primeira vez que o Goberno galego condena esas declaracións. Eu estou reproducindo aquí a condena que fixo no seu momento o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Polo tanto, reitérolle, por se non quedou claro na primeira intervención: nós condenamos todas as manifestacións, as agresións ou os actos contra as mulleres, veñan de quen veñan e non por cinismo; condenámolas porque ideoloxicamente non cremos nelas. *(Aplausos.)* Polo tanto, condenámolas tanto que as faga un presentador da televisión, as faga un alcalde do noso partido ou as faga o presidente da Deputación, gobernada, por certo, pola súa formación política. Repítolle que as condenamos todas, calquera discriminación, calquera violencia de xénero, calquera tipo de machismo.

Señoría, eu penso que temos que responderlle realmente á sociedade galega como demanda, cun debate sen tanta crispación, sen tanta disputa partidista e con máis moderación; porque eu non penso que vostede realmente crea que eu, como conselleira de Igualdade, e que o Goberno do Partido Popular non condenamos esas declaracións. Penso de verdade que en igualdade necesitamos un consenso na sociedade, pero tamén un consenso entre os partidos políticos.

Realmente, eu reitérolle aquí o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia e que non imos pasar por alto ningún tipo de expresión machista que se verta dentro do debate público sen denunciálo e sen condenalo. Pero isto non é por unha cuestión de cinismo, repítolle que é



por unha cuestión ideolóxica. Non existe ningún goberno democrático, non existe ningún partido político democrático, cal é o caso do Goberno da Xunta de Galicia, que realmente non condene este tipo de manifestacións. Calquera goberno que crea na igualdade e que crea na liberdade como principio básico da sociedade, cal é o caso do Goberno da Xunta de Galicia, condena este tipo de manifestacións. E penso que aquí realmente estamos todos de acordo, con independencia da ideoloxía e con independencia da cor política. Con isto o que lle quero dicir é que non inventemos un debate onde non existe, porque realmente este debate non existe e non creo que vostede chame hoxe aquí o Goberno pensando que eu, como conselleira de Igualdade, non condeno as manifestacións do alcalde.

Unha vez máis lle digo que penso que podemos chegar a un consenso, e que demostramos consenso en temas de igualdade penso que nesta Cámara xa nesa lexislatura. Polo tanto, hai moitos máis puntos que nos unen dos que nos afastan, e dígolle de verdade que temos que estar neste sentido, respecto da igualdade, á altura que realmente reclama Galicia e á altura que merecen e que reclaman os galegos e as galegas.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, os traballadores e traballadoras da empresa IKF, no concello da Guarda —aos que queremos saudar e agradecer a súa presenza hoxe neste Parlamento— levan dende o pasado 14 de xullo en folga. Corenta e seis días fan hoxe en folga, señora conselleira, por tres cuestións tan de xustiza como as que hoxe queremos expoñer neste Parlamento: a primeira delas, señora conselleira, opoñerse e loitar contra unha dobre escala salarial que a empresa IKF pretende impoñer de maneira unilateral e mediante chantaxes; a segunda das cuestións, señora conselleira, protexer a todos os traballadores de IKF a través da solidariedade obreira, porque, como vostede sabe, son unha minoría os traballadores afectados, mais é a inmensa maioría da plantilla a que se opón a estas medidas; e a terceira destas condicións, defender o futuro da comarca do Baixo Miño, porque, precarizando o traballo en IKF, precarízase toda a comarca do Baixo Miño.

Dereito, solidariedade e futuro, señora conselleira. Dereito, porque, ¿é de recibo que un mozo do Baixo Miño que empeza a traballar nesta empresa cobre a metade que outro traballador, exercendo exactamente o mesmo traballo? Solidariedade, señora conselleira, porque é a empresa quen se está a negar a negociar, agás que os traballadores acepten unha discriminación salarial que se prolongue entre seis e dez anos. E futuro, señora conselleira, porque non teña a menor dúbida de que hai unha comarca que estará en pé fronte á chantaxe



desta empresa e opoñéndose tamén a todos aqueles que se poñan de perfil ante estas medidas. *(Aplausos.)*

Señora Lorenzana, vostede sabe coma min que, hai escasos días, a directora xeral de Relacións Laborais estivo reunida cos traballadores e foi ela quen trasladou que a actitude da empresa non era a adecuada. Vostede sabe coma min que a Xunta ten ferramentas e foros máis que dabondo para desenferruxar a situación na que se atopan as negociacións. E vostede sabe coma min que isto é unha demanda unánime no Baixo Miño. Non pode ser que o Partido Popular diga unha cousa en Oia, na Guarda ou no Rosal e a contraria neste Parlamento. Corenta e seis días de folga, co impacto que esta situación ten para as familias e para a economía no Baixo Miño.

Polo tanto, señora Lorenzana, o que lle pedimos aquí é un compromiso concreto, que vostede nos traslade, non a nós, non ao BNG, senón aos traballadores, día e hora en que vai convocar a empresa e o representante dos traballadores en San Caetano para desencaixar, para desenferruxar esta situación e que, dunha vez por todas, se poida recuperar o traballo, con condicións laborais dignas, da empresa IKF, da Guarda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

A finais do mes de xullo, efectivamente, chamou á Consellería a súa compañeira, a alcaldesa do Rosal, preocupada pola situación de folga dalgúns traballadores da empresa IKF que residen no seu concello. Desde ese mesmo momento puxémonos á disposición, por suposto, do Concello e tomamos a iniciativa dende a Consellería de falar co comité, co presidente e co secretario do comité de empresa para todo aquilo que puidesen precisar. Isto sucedeu, como lle digo, a finais do mes de xullo, e quedamos naquel momento de acordo co presidente do comité de empresa en retomar as conversas no mes de setembro, posto que en agosto era o mes de vacacións. No mes de setembro contactamos co responsable de recursos humanos de IKF e explícanos que naquel momento tiñan posicións moi afastadas en múltiples puntos da negociación.

Levamos seguindo este conflito a través do xefe de inspección de Vigo e mediador no Consello Galego de Relacións Laborais, fomos facendo constante seguimento e constantes contactos, tanto coa empresa como coa parte social, e a empresa e a parte social acercaron posicións respecto de temas, como vacacións, os pluses de fin de semana, os festivos e os complementos de baixa. A negociación, efectivamente, agora continúa; seguimos cos contactos desde a Consellería co Concello, cos traballadores, coa empresa. Na actualidade o conflito céntrase neses dous asuntos que vostede identifica: esa dobre escala salarial e o incremento salarial da plantilla.





A empresa, agora mesmo, está aplicando un acordo que acordou co comité de empresa no ano 2018, un acordo segundo o cal se aplicará aos traballadores e traballadoras de novo ingreso o convenio do sector, o cal, efectivamente, é menos beneficioso que o convenio de empresa, pero foi acordado co comité de empresa, e ademais validado no AGA, co cal é actualmente o vixente.

Vostede di que o Goberno ten ferramentas para levar a cabo ou para instalar unha mesa de negociación. Isto non é así, e así o quero aclarar. Legalmente, isto non é posible; xa o dixen noutra ocasión con ocasión doutro conflito onde vostedes reclamaban que se crease unha mesa de negociación na Consellería.

A Consellería non ten competencias para constituír formalmente unha mesa de negociación laboral sobre un convenio colectivo. Legalmente isto non está permitido. A negociación colectiva —vostede sábeo igual ca min— réxese polo principio de autonomía das partes. Os convenios colectivos resultan da negociación entre a empresa e os traballadores. Polo tanto, nós non podemos nin debemos entremezclarnos formalmente nas negociacións. Outra cousa é que a Consellería de Emprego e a Dirección Xeral de Relacións Laborais leva estando ao carón dos traballadores e intentando mediar informalmente dende o principio do conflito, e ímolo seguir facendo. Tamén puxemos á disposición o Consello Galego de Relacións Laborais. A empresa IKF renegou de calquera tipo de intermediación do Consello; co cal nós non podemos, se a empresa —que é unha das partes que negocian— non quere, obrigar a empresa a negociar a través do Consello. Co cal, levamos, como digo, dende o mes de xullo exercendo as nosas funcións. Imos tentar continuar apoiando para chegar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** ...a posicións de conxunto, pero ata o de agora...

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno despois.

Grazas.

*(Aplausos.)*

Para a réplica, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Señora conselleira, o tempo e o día que vostede hoxe perdeu aquí explicándonos a historia das negociacións e a historia do conflito non é senón un día máis que estes traballadores van estar sen poder levar o salario ás súas casas. *(Aplausos.)*

Entendemos que a Xunta de Galiza non pode poñerse de perfil. E dicímoslle isto porque, señora conselleira, é que dende o Partido Popular é fascinante que vostedes se declaren absolutamente incompetentes para tomar parte de negociacións cando se trata de defender os dereitos dos traballadores de IKF e que, por outra banda, cando se trata de protexer empresas nas que sentan os seus compañeiros en consellos de administración, dan prórrogas



ilegais, dan informes estrambóticos dos consellos consultivos sen ningún tipo de reparos. (*Aplausos.*) Aquí o que lle estamos pedindo, señora conselleira, é que hoxe, diante dos traballadores que temos aquí neste Parlamento, diante dos traballadores que están fóra, na rúa, defendendo os seus dereitos, vostede lles diga que día e a que hora os vai convocar en San Caetano, a traballadores e empresa, para poder levar adiante solucións para esta situación. Todo o demais, o único que denota, señora Lorenzana, é que dende o Partido Popular se están poñendo de perfil. E non teña ningunha dúbida de que cando o Partido Popular se nega a empregar ferramentas como a que lle estou trasladando para que esta situación se poida resolver, a veciñanza do Baixo Miño vai responder. Vai responder porque non é de recibo que un mozo, que unha persoa que entre nesta empresa, cobre entre 5.000 e 9.000 euros menos que outro traballador facendo exactamente as mesmas funcións. «Día e hora», señora conselleira, iso é o único que os traballadores de IKF queren escoitar, e todo o demais non é senón poñerse de perfil ou, o que é o mesmo, defender os intereses da empresa, defender os intereses de IKF, que está precarizando as condicións laborais dos traballadores, precarizando o futuro do Baixo Miño. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas.

Fala vostede do tempo que eu estou perdendo aquí explicando o conflito. Eu non estou perdendo o tempo, eu estou contestando porque vostede fixo esta pregunta oral en pleno, se non, eu non estaría aquí. (*Aplausos.*) Entón, se vostede considera que isto é unha perda de tempo, pois vostede saberá, porque vostede foi o que plantexou a pregunta.

Di que diga día e hora. É que días e horas levamos marcando dende xullo. Eu penso que non escoitou nada do que dixen na primeira intervención.

¿Que é un tema político? Dende logo. ¿Que é a alcaldesa do seu partido a que está intentando levar a cabo toda esta mediación para que pareza que é ela a que salva os tres traballadores indefinidos que están nesta situación? Dende logo. Pero eu veño aquí porque vostede fai a pregunta. Non estou perdendo o tempo, estou explicando con claridade que, legalmente —e vostede sábeo, o que pasa é que politicamente non o quere dicir—, non se pode constituír unha mesa de negociación laboral na Consellería. Isto é así. Entón, se eu levase a cabo unha mesa de negociación laboral, non podería saír un acordo que levase a cabo unha modificación do convenio colectivo, porque eu non son mediadora; mediador é o Consello Galego de Relacións Laborais, mediador é o inspector xefe de Vigo, que actúa como mediador.

Isto é o que levamos intentando facer na Consellería dende o mes de xuño e imos continuar facéndoo, con día e hora, señoría, porque con día e hora se cita a empresa, por un lado, se fala coa empresa, por un lado, e cos traballadores, polo outro. Non se pode constituír unha mesa laboral, e vostede sábeo de sobra, pero está aquí facendo política para que os traballadores escoiten iso e pensen —levados a erro— que eu podería crear esa mesa laboral



e non a estou creando. (*Aplausos.*) Isto non existe en ningún conflito laboral. Unha cousa é unha mesa industrial e outra cousa é unha mediación laboral.

Polo tanto, por favor, non confunda os termos nin confunda os traballadores. Que os traballadores teñan claro que a Dirección Xeral de Relacións Laborais está para asesoralos en todo momento. Cando se crea esta Consellería de Emprego e Igualdade, créase unha dirección xeral específica de natureza xurídico-laboral que se escinde da parte da Dirección Xeral de Emprego, precisamente tendo en conta a situación que viña derivada da pandemia, con todos os conflitos laborais que iamos ter por diante. Esa dirección xeral está especializada en atender calquera comité de empresa, en atender calquera empresa, para tratar de instruílos e de axudalos nas negociacións, pero non se pode constituír formalmente esa mesa da que vostede fala.

Si me gustaría deixar constancia do apoio que nos últimos anos, dende o ano 2009, lles demos á industria e aos traballadores e ás traballadoras, polo tanto, en concreto á empresa IKF, porque lle demos subvencións por valor de 240.000 euros, e son axudas económicas que si contribuíron á viabilidade —penso eu— desta empresa, en concreto, no noso territorio.

Polo tanto, eu o que lle reitero aquí, dende logo —e para rematar—, é que calquera traballador e calquera traballadora ten o apoio da Consellería de Emprego e Igualdade, (*Murmurios.*) ten o apoio directo da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que foi creada para eses efectos, e, por suposto, ten á disposición o Consello Galego de Relacións Laborais; pero, como lle digo, se a empresa non quere mediar, ou non quere utilizar a mediación do Consello, trátase da autonomía e da vontade das partes, e nunca se pode forzar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas conselleira, terminou o seu tempo.

Grazas.

**Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas para previr as verteduras nos ríos Asneiro e Deza**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señora conselleira, como son un home esperanzado que pertence a un partido esperanzado, teño a esperanza de que vostede saiba que os ríos Deza e Asneiro —afluente do primeiro— levan décadas sufrindo episodios de contaminación reiterados.

E teño tamén a esperanza de que estea informada de que este verán tiveron lugar, polo menos, cinco vertidos no Asneiro, un dos cales provocou efectos en forma de espuma branca que cubría o río case por completo e que chegou a apreciarse con nitidez á altura do couto de pesca de Ximonde, que está no río Ulla, decenas de quilómetros máis abaixo, para rematar



desembocando, aínda perfectamente visible, na ría de Arousa, que está aínda bastantes máis quilómetros abaixo.

O último deses cinco vertidos tivo lugar o 1 de setembro, pero no día de hoxe non coñecemos —polo menos nós non coñecemos— ningún resultado da investigación que debería terse levado a cabo en calquera país que tome en serio a situación dos seus ríos e do seu medio ambiente, que, lamentablemente, non é o caso de Galicia. Porque estes vertidos reiterados ao longo do tempo, e que nunca foron solucionados pola Administración autonómica a pesar de ter os medios, os fondos e a obriga de facelo, están empeorando e acadando niveis desmedidos e exaxerados ante a pasividade da propia Xunta e do Concello de Lalín, onde están ubicados o parque empresarial e a depuradora dos que —suponse— proceden na súa maioría eses vertidos desde hai moitos anos. E digo suponse porque, incomprendiblemente, parece que non se sabe con certeza, e non debera ser tan difícil no século XXI detectar a orixe destes vertidos se houberse dilixencia e interese en facelo.

Por iso, non pode permitirse nin un minuto máis esta situación de pasividade e desleixo ante un problema ecolóxico grave como este, porque estamos falando de ecosistemas fluviais de gran valor ecolóxico, como son os ríos Asneiro, Deza e Ulla, que perderon a maior parte da riqueza piscícola e medioambiental que tiñan no pasado e se están estragando de xeito constante, sobre todo considerando que o cambio climático provoca unha diminución progresiva do caudal dos nosos ríos, que agrava o problema ano tras ano, porque, como espero que saiba vostede, canta menos auga ten un río, máis sensible é ante calquera episodio de contaminación.

E ademais dos problemas ecolóxicos asociados á contaminación, os ríos afectados proporcionan tamén auga para o consumo de distintas poboacións e, destes episodios, dous —dous polo menos— foron denunciados ante o Seprona e a Fiscalía pola Asociación AEMS-Ríos con Vida e pola Sociedade Deportiva Río Deza no mes de agosto.

Por iso, preguntamos: ¿vai a Xunta adoptar algún tipo de medida para impedir os vertidos reiterados nos ríos Asneiro e Deza? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arangüena.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, acusa a Xunta de pasividade ante os vertidos. Mire, foi este goberno da Xunta de Galicia quen implantou ese plan de control de vertidos, eficaz e con investimentos importantes para solucionar e controlar os vertidos. ¿Parécelle pasividade que no ano 2020 Augas de Galicia iniciase a tramitación de 276 expedientes sancionadores por vertidos contaminantes e xa se resolveran sancións por 280.000 euros? ¿Chámalle a isto pasividade?



Dende logo, nós tomamos moi en serio o coidado dos nosos ríos, das masas de augas, sempre; e en todos os sitios —non soamente en Lalín, tamén en Melide, en Vigo e en moitos sitios, tamén en toda Galicia-Costa, que é onde temos principalmente as competencias—, dende logo, inspeccionamos, e a Xunta cumpre. Nos últimos cinco anos, 41.000 inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia.

Pero na Xunta de Galicia, ademais de controlar, expedientar e sancionar, buscamos a orixe, emendamos os vertidos e axudamos os concellos a eliminalos, que é fundamentalmente onde vemos a orixe deses vertidos. Xa me gustaría que o fixera a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, onde gobernan vostedes, que debería de preocuparse quizais un pouco máis, porque funciona peor que Galicia-Costa, onde estamos nós.

Como dixen, as competencias son municipais, e moitas das orixes dos vertidos veñen por esas redes municipais. A nosa vontade é identificalos, emendalos e axudar os concellos nesas competencias. É difícil, teñen dificultades na xestión da auga, e é complicado e ingrato, xa o dixen na miña intervención anterior. Coñecemos a realidade galega e hai moitos problemas nesta materia, que é complexa. En Lalín, dende logo, hai un problema. O Concello é consciente, e en Lalín somos conscientes e estamos preocupados, pero estamos traballando conxuntamente o Concello de Lalín e a Xunta de Galicia para solucionarlos, porque ao Concello de Lalín lle preocupan os problemas e a nós tamén.

Pide que axudemos, e nós brindamos esa axuda. Por iso, elaboramos o Plan de saneamento local de Lalín, analizando en profundidade toda a problemática, infiltracións, vertidos... E dese coñecemento pormenorizado e desa experiencia tamén nace a Lei da xestión do ciclo integral da auga, que é unha ferramenta para chegar a solucións. Pero, en calquera caso, unha lei que é de carácter voluntario, que axudará tamén a eliminar os vertidos.

E nós —como digo— eliminamos vertidos, inspeccionámoslos, expedientámoslos, pero sobre todo tamén traballamos para solucionarlos. Porque o fácil é facer como a Confederación, onde gobernan vostedes: sancionar *y no sé más*. Non, nós actuamos para emendalos e axudamos os concellos para emendalos analizando, planificando e executando.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señora conselleira, eu fálolle de vertidos reiterados durante décadas, falo de cinco episodios especialmente graves neste verán, e dime vostede que son conscientes e que están preocupados. Pregúntolle que fan e dinme que son conscientes e están preocupados. Ben, pois moi boa resposta.

En todo caso, teñen vostedes por costume contarnos nesta cámara e fóra dela auténticas milongas, como nos acaba de contar, sobre os espectaculares éxitos da Xunta na loita contra a contaminación dos ríos.



Poño no seu coñecemento que o número de licenzas de pesca se reduciu á metade nunha década desde o ano 2009; non o digo eu, que o di *La Voz de Galicia*. En maio de 2019 dicía: «*Galicia perdeu a metade de sus licencias de pesca fluvial en la última década*», casualmente coincidindo exactamente coa década na que gobernou Feijóo, a primeira década do señor Feijóo. ¿E por que sucede isto?, ¿por que non hai licenzas de pesca e se reducen á metade? Porque non hai troitas nos ríos, como sabe calquera pescador, e a troita como o salmón é un indicador ecolóxico do estado de saúde dun río; e se o río está san, hai moitas troitas; se está contaminado, non hai troitas.

E o río Deza como o Asneiro, como a totalidade dos ríos de Galicia experimentaron un drástico descenso na poboación piscícola na última década. Ata o punto que teño que dicirle que eu mesmo, que era pescador, deixei de ir ao río aproximadamente cando chegou o señor Feijóo, e xa non vou. *(Risos.) (Aplausos.)* Eu quereda ir ao río pescar pero non vou ao río porque non hai apenas troitas que pescar por causa fundamentalmente da contaminación. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Deixeiño e non volvíñ porque cada vez hai menos fauna piscícola nos ríos. *(Murmurios.)*

E a Xunta de Galicia ten a obriga de protexer os ecosistemas fluviais de Galicia, principalmente, en virtude de tres leis: a de pesca continental, a de patrimonio natural e a de protección ambiental de Galicia. *(Murmurios.)* Cada unha delas obrígalles a cumprir e facer cumprir unha serie de normas. ¡Cumpran e fagan cumprir as nosas leis e impidan a contaminación nos ríos de Galicia!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas.

O certo é que, bueno, que teña a culpa Feijóo tamén de que vostede non sexa troiteiro *(Risos.)* é polo menos gracioso. *(Aplausos.)*

En calquera caso, creo que non escoitou a miña primeira intervención, e vén vostede co seu guión. E o Plan de control de vertidos pois xa llo explicarei noutro momento. Pero foi e segue sendo moi eficaz, e xa me gustaría e nos gustaría a todos que a Confederación Hidrográfica, onde están vostedes e onde gobernan, o implantara.

Eu voulle responder con medidas concretas. ¿Que imos facer para mellorar? Moitas cousas, e levamos feito moitas cousas, porque ao Plan de saneamento local non se lle dá a un botón e faise; comprenderá que é un traballo de moita xente e durante moito tempo. Estamos a ultimar ese Plan de saneamento local e, sobre todo, os proxectos derivados dese Plan de saneamento local. E a primeira obra que imos facer é ese tanque de tormentas e os colectores interceptores, porque é unha obra que consideramos necesaria.

Paralelamente, seguiremos controlando os vertidos, claro que si, con ese protocolo importante do Plan de control de vertidos, onde son millóns de euros os que investimos —como digo—



non soamente para identificalos e sancionar, senón para solucionar. E gustaríame moitísimo que a Confederación fixera o mesmo e axudara a solventar os vertidos.

Como digo, señoría, somos ambiciosos; imos moito máis alá de identificar os vertidos e buscamos a súa orixe para erradicar o problema. Tamén para arranxar ese problema dos vertidos é a Lei da mellora da xestión do ciclo integral da auga. Espero que reflexionen e que saiban para que é esta lei, cales son os fundamentos, que xa os expliquei na miña intervención. E creo que ao señor Bará lle quedaron claros porque sabe do tema.

Polo tanto, Lalín ten un problema, recoñéceo e hai problemas, e por iso xa temos redactado o Plan de saneamento local, que establece as diferentes actuacións. E —como digo— a primeira, a que consideramos prioritaria e máis importante, é ese tanque de tormentas e a mellora dos colectores interceptores, cuxo proxecto, por certo, está xa redactado e en supervisión. Un tanque de tormentas que disporá dunha capacidade de 5.000 metros cúbicos, a ampliación dos colectores interceptores en Pontiñas. E, dende logo, temos claro que vai ser unha mellora do funcionamento substancial.

¿A previsión? Licitarse antes de final de ano, adxudicarse no primeiro semestre do ano 2022 e iniciar as obras no segundo trimestre do ano 2022. Un millón de euros temos na partida do ano 2022 para facer posible este cronograma que lles explico e concreto. Son 6,59 millóns do plurianual para facer todas as obras de xeito concreto.

O Goberno galego non só cumpre as súas obrigas con rigor, con dilixencia, senón que axuda neste caso os concellos a exercer de xeito efectivo a eliminación deses puntos de vertidos. E, como dicía, pois imos moito máis alá das nosas competencias para axudar os concellos e gustaríame que pedira o mesmo, se é posible, ao presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2022 no que atinxe ás partidas destinadas a infraestruturas viarias e ferroviarias en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Diego Calvo Pouso, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor CALVO POUSO:** Moitas grazas, presidente.

Para compensar, vaia por diante que eu dende o ano 2009 son pescador *(Risos.)* e, polo tanto, imos compensando os números.

Hoxe facemos esta pregunta, conselleira, porque os orzamentos xerais do Estado foron presentados o pasado día 13 de outubro. Uns orzamentos que non teñen nada que ver nin na forma nin no fondo cos orzamentos da Xunta de Galicia que coñecemos a continuación.



O investimento para Galicia ascende a 1.074 millóns de euros, pero moi por debaixo das últimas contas aprobadas polo Goberno do Partido Popular no ano 2018. As contas do Estado destinan un 8,3 % a Galicia, e Rajoy chegou a destinar un 13,80 %. O máis importante é que hai consignacións ridículas para Galicia, cando estamos a recibir máis cartos que nunca dende Europa.

No que atinxe á súa consellería e ás infraestruturas pois valen algúns exemplos como, por exemplo, que están pendentes de facer os últimos dezanove quilómetros de nova construción do que se coñece como a variante exterior ferroviaria de Ourense, está sen executar a comunicación por tren con Lugo e continúa pendente a comunicación con Vigo. Igualmente, as contas non dispoñen de recursos suficientes para o acceso ferroviario ao porto da Coruña.

Continúa o bloqueo da rede de autovías de conexión interior de Galicia, que permanecen sen avances dende o ano 2018. Os orzamentos non permiten que comencen obras de infraestruturas tan demandadas e necesarias como a autovía de Vigo-O Porriño, a autovía da Mariña, a autovía Ourense-Ponferrada, os novos treitos da autovía Lugo-Ourense, os novos treitos da circunvalación de Pontevedra ou a variante de Pontearreas.

Un ano máis, en definitiva, este grupo parlamentario está preocupado, primeiro, pola falta de partidas ou a inexistencia de partidas mínimas para Galicia e, en segundo lugar, polo alongamento dos prazos de execución. Por exemplo, na provincia da Coruña hai unha falta de consignación para obras necesarias como é Alfonso Molina, a ponte da Pasaxe, o vial 18 ou a estación intermodal. Alfonso Molina e a ampliación da ponte da Pasaxe levan 100.000 euros. Non vemos que eses investimentos millonarios dos que falou Sánchez e dos que fala o Partido Socialista, vinculados aos fondos de recuperación, cheguen a Galicia.

Outras obras esenciais para o tráfico da provincia, como a variante de Ordes ou a variante de Sigüeiro, tampouco contan con orzamento; a única que conta é o enlace Orbital de Santiago. Non se inclúen actuacións esenciais como a mellora de conexión ferroviaria Ferrol-A Coruña. E, como dicíamos, pois para o tren ao porto exterior da Coruña, punta Langosteira, unha partida de 3,3 millóns de euros, fronte aos 150 millóns que son necesarios.

A modernización ferroviaria da liña A Coruña-Ferrol tivo máis sorte, pois conta 17.000 euros para a redacción do proxecto do *bypass* no vindeiro ano, o cal non deixa de ser curioso. E a EDAR de Santiago conta para o ano 2022 con 3,7 millóns de euros dun total de sesenta millóns que se precisan para levar a cabo a actuación.

A todas luces: ou faltan partidas ou as partidas que hai son insuficientes.

¿Queríamos saber cal é a valoración que fai o Goberno galego dos orzamentos xerais do Estado no que atinxe á súa competencia? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.





**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, é unha similar á do ano pasado para facer valoración dos orzamentos do ano 2020 do Goberno de España, pois definíamos como malos, eran malos para Galicia e para os galegos. E o certo é que os orzamentos para o ano 2022 seguen a ser malos porque non atenden as necesidades de Galicia. Seguen entre os máis baixos en termos porcentuais territorializados nos últimos anos. E non nos conformamos porque o investimento previsto en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias, previsto polo Goberno de España para o ano 2022, é totalmente insuficiente para atender as necesidades. E ademais nos anos onde hai unha gran cantidade de fondos de reconstrución e os orzamentos medran, pero o certo é que son partidas insuficientes para Galicia.

Nós agardamos que as emendas que se presenten arranxen estas contas; unhas contas que ignoran as necesidades de infraestruturas de Galicia, fundamentalmente en materia de estradas. E o certo é que cos orzamentos presentados polo Goberno de España para o ano 2022 practicamente suporía cero avances en infraestruturas en Galicia; sobre todo, un ninguneo á Galicia do interior. Polo tanto, para os efectos prácticos, seguimos sen avances en infraestruturas en Galicia, competencia do Estado, dende o ano 2018.

E no que non damos creto sobre todo é fundamentalmente na autovía Santiago-Lugo. A autovía Santiago-Lugo temos como mínimo que agardar tres anos máis; unhas obras nas que empezaron no ano 2018 eses tramos. O que, dende logo, non podemos admitir, xa que debería estar executada para o Xacobeo.

E non recollen partidas que permitan avances significativos para esta autovía e para outras. A autovía da Mariña sen empezar, 400.000 euros consignados para catro treitos; a A-76, pois a mesma sorte, sen previsións de futuro; a A-56, Lugo-Ourense, pois tamén, 200.000 euros. Dende logo, é que se borran da planificación dun plumazo. O clásico dos orzamentos do ano 2022 é poñer 100.000 euros para dicir que hai algo e sen partidas plurianuais.

E non hai nada para reforzos de firme, que nos preocupa, e todos sabemos do desastroso estado dos firmes das estradas de competencia estatal.

Tampouco nada novo para a conectividade do interior de Galicia. E non sería por falta de insistencia dende a Xunta de Galicia, que pedimos incluso que modificaran eses criterios unilaterais dos Next Generation impostos polo Goberno de España para atender a Galicia interior.

Non se recolle nada da autovía Vigo-O Porriño. E ningunha partida para bonificar as peaxes da AP-53.

Dende logo, para a nosa valoración son malos para a Xunta de Galicia. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



Réplica, señor Calvo.

**O señor CALVO POUSO:** Grazas, conselleira.

A verdade é que este grupo parlamentario comparte a visión que ten o Goberno galego acerca dos orzamentos xerais do Estado. (*Murmurios.*) É unha pena que o resto dos grupos non fagan o mesmo e defendan a Galicia.

É verdade que todas as infraestruturas que dependen do Estado sofren un atraso importante. É certo: hai un exemplo que vostede citaba e eu tamén tiña apuntado, que é a autovía entre Lugo e Santiago. Calquera galego pode acercarse e sabe que nos últimos anos esta autovía está atrasada, parada, ralentizada, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o avance non é absolutamente ningún. Pero, no mellor dos casos, nos orzamentos aparece algunha partida que despois ou non se gasta ou simplemente é para que o papel aguante. Pero aí é certo que hai moitos casos nos que nin sequera aparece ningunha partida.

É certo ademais que se o problema é que as partidas son insuficientes, hai un problema adicional de incapacidade de xestión, porque, efectivamente, moitas veces as partidas que aparecen ao final, a pesar de seren moi escasas, non se chegan a gastar. Fíxese que hai un informe da Intervención Xeral do Estado que acaba de confirmar que o Goberno de España deixou sen executar na nosa comunidade máis de mil catrocentos millóns de euros. Se é importante o feito de que cada vez os orzamentos son máis minguantes e destinan a Galicia un menor importe, moito máis importante é se aínda encima eses escasos orzamentos non os saben investir por parte do Goberno de España. Contrasta co informe acerca da comunidade autónoma, onde di que o orzamento consolidado de gasto é do 102,1 %, e do 105,8 % no gasto corrente. Polo tanto, son dúas formas de entender, de facer e de xestionalo.

Gustárame ademais que nesta segunda intervención, conselleira, falase das infraestruturas ferroviarias. Hai moito anuncio e hai moita propaganda acerca da chegada do AVE, pero seguimos sen saber cando vai chegar o AVE de verdade a Galicia. Porque non se trata só das infraestruturas senón tamén dos equipos, como aquí se di continuamente. Pero aos grupos que forman parte do Goberno do Estado ou que apoian o Goberno do Estado parece que non lles importa e queren seguir enganando aos galegos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Ben, sabemos como son as cousas en materia de infraestruturas por parte do Goberno de España: moitísima présa para impoñer peaxes nas autovías e parsimonia increíble para avanzar na mellora das infraestruturas. Vemos como é a política do Goberno de España.



Un ano máis, vendo e radiografando as contas do ano 2022 do Goberno de España, do ministerio, pois non vai pasar ningunha autovía do papel, e os orzamentos para o ano 2022 tampouco atenden as necesidades en materia ferroviaria para o ano 2022. É certo que hai unha partida de 250 millóns de euros para o corredor ferroviario Ourense-Monforte-Lugo; unha partida e un corredor que leva xa tres anos de atraso coa planificación que tiñamos moito antes. Dende logo, exclúe varias actuacións imprescindibles, que son as variantes, e, por tanto, son unhas imprescindibles actuacións que permitirían o recorde de tempo en máis de vinte minutos.

Polo tanto, o que está a facer o Goberno de España é aforrar 500 millóns de euros, que é o mesmo que sisarlles aos lucenses a alta velocidade por culpa dese recorte na mellora da liña ferroviaria Ourense-Monforte-Lugo, que estaba planificada anteriormente.

En materia ferroviaria, Ferrol é unha das grandes prexudicadas por esa conexión Ferrol-A Coruña. A partida de 17.000 euros, dende logo, parece un chiste. Eu agardo que recapaciten e reflexionen e que sexa un erro monumental, porque 17.000 euros eu miro para aí e realmente parece un chiste esa partida orzamentaria. Insignificante tamén o AVE por Cercedo, 200.000 euros. Chega a poñer Mariano Rajoy 200.000 euros sen previsión plurianual para o AVE a Cercedo, e a saber que diría, pero agora di que está encantado, cando o AVE por Cercedo se borra da planificación dun plumazo.

Nada sabemos tampouco da liña do Miño, nesa liña ferroviaria que demostrou que hai que actuar nela, que está obsoleta e que ten moitas incidencias. Xa vimos o ano pasado claramente insuficiente tamén a partida para a saída sur. Hai 465.000 euros soamente para ese estudo, reestudar o estudado, como se foran malos estudantes. E a variante ferroviaria de Ourense tamén partida soamente para obra en licitación, e do resto nada sabemos.

Das estacións intermodais en Lugo, 5 millóns de euros, pois é moito en concordancia a como está o expediente, que aínda está en trámite urbanístico por parte do concello. Santiago, 8,6 millóns de euros é coherente. E eu aproveito tamén para a pregunta que me facía da chegada da alta velocidade. É boa noticia que se avance e que rematen as obras, pero queremos AVE. Non queremos que o AVE quede en Ourense, e soamente quede na porta de Ourense; queremos que chegue ao resto das cidades. Mentres non teñamos tres Avril de rodadura desprazable, o resto das cidades non terán AVE a Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Leticia Gallego Sanromán e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.



Bo día a todos e a todas.

Bo día, señor conselleiro.

Quero saudar dende aquí as familias do Saladino Cortizo que están seguindo esta intervención.

O Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo, trasladoulles ás familias no comezo deste curso que a praza da traballadora social non vai ser cuberta, unha vez que se produciu a xubilación da persoa que viña ocupando nos últimos anos esta praza. Esta información foi a que lle fixo chegar a Xunta de Galicia ao centro.

A dirección e as familias son moi conscientes da necesidade de cubrir esta vacante no centro, pois dende sempre o traballo conxunto da traballa social, da ANPA, da dirección, do Claustro do Saladino Cortizo fixo que se foran conseguindo para as familias servizos e se atenderan demandas feitas ás distintas administracións de acordo coas súas competencias.

A comunidade educativa deste centro demanda este servizo, pois o seu traballo é específico no campo da educación e dos servizos propios para os rapaces e rapazas en idade escolar, axudándolles a ter unha formación de calidade dos seus fillos e fillas, e abarcando todos os servizos básicos de saúde, educativos, de ocio e de formación complementaria.

A traballadora social do centro é a engrenaxe deste sistema, a que detecta as eivas en primeiro lugar e se anticipa aos problemas, moitas veces evitando o sufrimento do alumando e permitindo saídas ordenadas aos problemas.

Hai moitos trámites específicos para o alumnado de educación especial. Hai que enfrontarse a moitas etapas, á maioría de idade e aos trámites que isto supón, ás incapacidades para poder defender os seus dereitos, á saída deste e doutros centros cando cumpren vinte e un anos, nos que as familias están completamente desamparadas. E grazas ao traballo dos e das docentes, da dirección e da traballadora social, a maioría da rapazada ten unha alternativa pola anticipación e coñecemento da realidade de cada familia.

Cando os rapaces e as rapazas abandonan o Saladino Cortizo, a maioría van a centros concertados pola Xunta de Galicia, para atender ás súas necesidades e para seguir traballando a súa independencia e o seu crecemento en sociedade.

¿E sabe unha cousa, señor conselleiro? En todos estes centros teñen traballadoras sociais. ¿Por que teñen traballadoras sociais todos estes centros? Porque son fundamentais nos equipos de formación e de xestión para todos estes rapaces e rapazas.

O Saladino Cortizo non pode quedar sen a figura da traballadora social, señor conselleiro.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialista consideramos que as traballadoras e os traballadores sociais son unha figura clave.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, eu quero comezar cunha resposta e cunha mensaxe moi clara: o conxunto de Galicia, igual que a cidade de Vigo e, por suposto, igual que este centro, conta e seguirá contando con todos os recursos profesionais necesarios para garantir unha educación de calidade e, sobre todo, unha educación que dá igualdade de oportunidades e que posibilita a integración.

A verdade é que no meu caso concreto, eu xa levo moito tempo no debate político, pero ás veces non deixa de sorprender nin tampouco deixa de chamar a atención algunhas manipulacións ou algúns usos absolutamente contraditorios que se plantexan nesta cámara, e sobre todo neste caso usar unha acción, unha decisión puramente burocrática e administrativa como un suposto ataque, por suposto, ao ensino público, por suposto, ás familias e, por suposto, aos nenos afectados deste centro.

Isto debateuse hai pouco na Comisión 4<sup>a</sup>, e eu creo que quedou bastante clarificado. Pero eu quería dicir o seguinte: este é un centro de referencia, un dos centros de educación especial máis significativos e máis importantes de Galicia. É un centro que ten cento once alumnos —por desgraza, era mellor que non existira este centro, pero ten cento once alumnos— e ten un cadro de persoal de corenta e tres profesionais, dos cales vinte e sete son docentes.

As necesidades educativas son moitas, moitísimas. Agora hai corenta e tres profesionais que desenvolven un traballo. E aquí houbo unha praza, efectivamente, de asistente social, e que ten unha explicación. Este centro era da Caixa de Aforros. No ano 1994 intégrase na rede pública, na rede da consellería. E aí había unha persoa que tiña este perfil profesional, que se subroga e se mantén con este perfil profesional ata que se xubila o 31 de xullo deste ano. Nos últimos anos esta persoa estaba cunha xubilación parcial, ía uns días ao centro e era substituída noutros casos por outros profesionais.

A Consellería de Educación non ten nas súas RPT perfís profesionais deste tipo, non ten nin traballadores sociais nin asistentes sociais como regra xeral. Dicir que nos centros de Política Social, onde si existe esa figura laboral, é unha burda manipulación. Por suposto que nos centros de Política Social hai profesionais e traballadores sociais, pero nos centros educativos non, non os hai. E as funcións que esta señora desempeñaba —estou seguro de que con total implicación— son desempeñadas ou deben ser desempeñadas noutros centros semellantes a estes por profesionais dos departamentos de orientación.



Creo que intentar trasladar esa imaxe e intentar crear unha causa política dunha cuestión puramente administrativa vencellada aos perfís profesionais de quen desempeña unha acción concreta dentro de cada centro, nun caso educativo e noutro caso de perspectiva laboral ou perspectiva de Política Social, simplemente a min me parece unha burda manipulación. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Burda manipulación, é increíble, señor conselleiro, jé increíble! Este grupo parlamentario o único que quere é axudar as familias do Saladino Cortizo que están desesperadas.

E di vostede a RPT e fala da RPT, pois mire: estas familias e a dirección non entenden como a Consellería de Educación o 29 de xullo lles comunica que non se vai cubrir esta praza, e o 10 de agosto sae publicado no *DOG* a Resolución do 31 de xullo de 2021 pola que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, onde aparece a praza da traballadora social.

¿Quen manipula, señor conselleiro? (*Aplausos.*) E dígalles ás familias que están hoxe aquí que nós estamos manipulando. Está manipulando vostede. E que vostede xogue con estas familias é increíble.

¿Sabe o que é o máis fácil que podemos facer? Están aquí as familias, reúnase con elas e volva dicir o que acaba de dicir aquí. E explíquelles ben, porque eu, de verdade, penso que non entenden por que non se cobre esta praza da traballadora social.

Efectivamente, é un centro moi grande, con cento once alumnos de dezaseis concellos diferentes de toda a provincia de Pontevedra. Iso é o que pasa, que vostedes pois non sei por que non están apostando pola calidade na ensinanza, e concretamente nesta ensinanza especial do Saladino Cortizo. ¿Non sei por que?

Cubran dunha vez a praza da traballadora social xa. A traballadora social neste centro é imprescindible como acabamos de dicir, é imprescindible para o alumnado, é imprescindible para o profesorado pero, sobre todo, é imprescindible para os pais e as nais deste centro. Deixe de manipular vostede. De verdade que é increíble que fagan isto.

E, por certo, efectivamente, na Comisión 4ª onde votaron en contra, o Partido Popular votou en contra.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Peche desta pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.



**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señora deputada, ¿vostede que insinúa?, ¿que quere insinuar?, ¿quere acaso dicir que porque este centro educativo estea localizado nunha comarca, nunha área concreta de Galicia hai unha visión diferente ou un tratamento diferente? ¿Quere dicir iso? Acábao de dicir claramente. E vostede fala de que non manipula, ¡por favor!

A situación creo que é clarísima: nestes centros educativos, nos nosos centros educativos de educación, a figura do traballador social non está recoñecida. Hai profesionais do mundo da orientación; aí si que hai perfís diferentes, pero dende o ámbito do departamento de orientación que fan esas funcións. Outra cousa diferente é nos centros de Política Social. E non intente aquí trasladar situacións absolutamente diferentes.

Neste centro, e atendendo ao rigor, voulle ler literalmente o que di a resolución, e vostede xulgará. No *DOG* do 10 de agosto publícase a Resolución do 30 de xuño do ano 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de xullo do ano 2021 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Nesta publicación simplemente se recollen as modificacións que se negociaron na Mesa Xeral de Empregados Públicos, que afectan exclusivamente os servizos centrais da consellería. Non se negociaron modificacións relativas ao persoal laboral da consellería.

Insisto: a Consellería de Educación non ten nas súas RPT, salvo este caso, que era un caso subrogado e que, unha vez que se acaba, entra outro perfil profesional diferente. Isto non vai ir en contra, non vai en ningún caso prexudicar a atención que van ter os alumnos neste centro. Cento once alumnos e corenta e tres profesionais.

Non entendo esa fixación. Ese traballo que facía seguramente con total brillantez e total implicación vaino desempeñar o departamento de orientación, porque esta figura profesional non está nas RPT de Cultura, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nin de Educación. É que non se pode dicir máis claro.

E vostede a partir de aquí xera unha causa xeral e incluso insinúa que se fai un tratamento diferente porque está nun concello concreto. Iso, señoría, é unha absoluta barbaridade. (*Murmurios.*) É unha absoluta barbaridade esa insinuación en sede parlamentaria. (*Murmurios.*)

En todo caso, e para que vostede quede tranquila, (*Murmurios.*) voulle dicir unha cousa. Neste ano, na cidade que vostede plantexa, dobrouse o número da unidades de atención preferente para alumnos con necesidades educativas especiais e incrementouse o número de coidadores e de profesionais, orientados a favorecer a integración e a posibilitar o estudo dos nenos con dificultades. E, realmente, que vostede veña aquí trasladar unha cuestión puramente administrativa, puramente laboral, plantexado como un ataque...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...da Xunta de Galicia á educación especial...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...é realmente lamentable. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Grazas.

**Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Ramón Fernández Alfonzo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día.

Hai case tres anos que comezou o particular vía crucis do persoal da fábrica de Alcoa na Coruña, hoxe Alu Ibérica. Tres anos loitando por preservar unha actividade industrial, a produción de aluminio, estratéxica para o Estado español, mais, sobre todo, estratéxica para Galiza. É obrigado salientar esta importancia, este carácter estratéxico da industria galega do aluminio, porque estas fábricas, xunto coa de Avilés, en Asturias, producían entre o 80 e o 90 % do aluminio que consumía o Estado español, e que agora, pola parada destas fábricas hai que importar. Agora, tanto a industria como a construción, que cada vez demandan máis aluminio para as súas actividades, dependen dos mercados internacionais e da importación, cos graves problemas que isto está a provocar a día de hoxe.

Un sector estratéxico, sobre todo, na Galiza, por dúas razóns: porque aquí está unha das fábricas, a da Coruña, que chegou a ocupar directamente a 600 persoas entre principais e auxiliares, e porque aquí, na Galiza, existen, tamén, potentes grupos industriais do sector do aluminio, como Cortizo ou Extrugasa, demandantes do produto que fabricaban na Coruña.

Tres anos leva o persoal da fábrica da Coruña de mobilización permanente, zarandeados por diferentes empresas, por dous gobernos do Estado diferentes, pola Xunta e, mesmo, pola Policía. Practicamente abandonados, condenados a presenciar o desmantelamento criminal da fábrica, mentres os gobernos, que debían ser garantes do emprego e da actividade industrial, miran para outro lado e desenténdense de todo. Porque os dous gobernos, o estatal e o galego —o seu, señor vicepresidente— avalaron todo este proceso. Pois ben, agora toca executar ese aval e responder aos compromisos.

Con data do 22 de outubro, o actual administrador xudicial dirixiuse ao comité de empresa para informalos da súa intención de realizar un ERTE por dúas razóns principais: a imposibilidade de darlles ocupación efectiva e a imposibilidade de pagar as nóminas. De feito, xa lles deben máis dunha mensuralidade de salario. As mesmas razóns levaron este administrador xudicial a solicitar o concurso de acredores no Xulgado Mercantil da Coruña. Descoñecemos a actitude que adoptarán perante estas actuacións os administradores





sociais desprazados, os representantes do Grupo Riesgo. Mais, coas debidas cautelas e asumindo que os prazos habituais poden prolongarse debido a esta anómala situación, o certo é que a fábrica vai camiño da liquidación.

Señor vicepresidente, un goberno galego que responda a esa confianza do electorado da que tanto presumen, un goberno galego responsábel, un goberno galego preocupado pola produción industrial do país, preocupado polo emprego, neste contexto de crise, preocupado por que a comarca da Coruña non se reduza a un monocultivo de Inditex, estará xa, a estas alturas, ocupado preparando unha alternativa para evitar o peche da fábrica e un novo desastre social. Supoño que, sendo vostedes un goberno que presume de xestión, estarán xa deseñando un plan industrial para a fábrica da Coruña.

Señor vicepresidente, déanos, por favor, os detalles dese plan industrial...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** ...para salvar a actividade e o emprego...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(O señor Fernández Alfonso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas.

*(O señor Fernández Alfonso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. Xa terminou o seu tempo, señor Fernández Alfonso.

*(Aplausos.)*

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, as miñas primeiras palabras, loxicamente, son, esta mañá, para os traballadores de Alu Ibérica, para amosarlles, unha vez máis, a solidariedade por unha situación inxusta que están atravesando, e realmente non podemos compartir a actitude que están tendo, neste caso, tanto a empresa como o Goberno de España. Polo tanto, seguiremos ao seu lado, como levamos tres anos traballando, para buscar esa solución industrial, para que poidan manter a produción do aluminio primario e para que poidan manter os seus postos de traballo.

Eu, unha vez máis, lamento a actitude belixerante do Bloque Nacionalista Galego. Lamento a falta de respecto que ten o Bloque Nacionalista Galego cara á Xunta de Galicia. Señor Fernández, nós non zarandamos a ninguén, a ninguén. Poderemos estar a favor ou en contra, pero zarandear, nunca. *(Aplausos.) (Murmurios.)*



En segundo lugar, señor Fernández, recórdolle que, efectivamente, hai case tres anos empezamos a traballar, xunto cos traballadores de Alcoa Coruña —Alu Ibérica nestes momentos— para buscar unha solución. E este goberno, a Xunta de Galicia, foi o que declarou como sector estratéxico o sector do aluminio primario, cousa que non se fixera nin fixo tampouco o Goberno de España. E recórdolle que nós, dende o primeiro momento, estivemos ao lado dos traballadores, pero iso non significa que estiveramos de acordo coa decisión tomada polo Goberno. En ningún caso avalou a Xunta de Galicia ese acordo.

Remítome ás declaracións de data do 1 de agosto do ano 2019 feitas por min mesmo: «*No se mostrou tan eufórico el conselleiro de Economía Francisco Conde que advirtió que el conflicto de las plantas de Alcoa se va a cerrar en falso, puesto que la solución del inversor es parcial y tiene una fecha de caducidad de dos años*». Señor Fernández, se o Goberno non soluciona o prezo eléctrico competitivo para que Alu Ibérica poida competir en igualdade de condicións con outros produtores de aluminio primario, lamentablemente, estaremos máis preto do peche que dunha solución industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica do Señor Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Si. Grazas.

Mire, non será o BNG quen negue as responsabilidades do Goberno do Estado neste asunto. Pero, señor vicepresidente, o Goberno do Estado ten que dar explicacións no Congreso dos Deputados, no Parlamento galego quen ten que dar explicacións é o Goberno galego; (*Aplausos.*) o Goberno de Feixóo e, particularmente, vostede. Explique que solución, que plan ten a Xunta de Galiza para salvar a fábrica de aluminio da Coruña.

Que hai que involucrar o Goberno do Estado, que o prezo da electricidade é fundamental, si, por suposto. Pero, señor vicepresidente, ¿ten a Xunta de Galiza competencias no ámbito industrial?, ¿ten capacidade de actuación?, ¿ten responsabilidades? Si, si e si, por suposto, porque competencia para darlle case dous millóns de euros en subvencións si que a tiveron. Cando Feixóo constituíu o actual goberno —o seu último goberno— eliminou a industria do rótulo do seu departamento. ¿Casualidade? Non. Galiza perdeu entre os anos 2010 e 2019 o 14 % da taxa de produción industrial —datos anteriores á pandemia—, cinco veces máis que o Estado español. Son vostedes directamente responsábeis do brutal proceso de desindustrialización do noso país. O caso de Alcoa Coruña é un exemplo claro.

Se teñen vostedes un proxecto alternativo para Galiza que garanta o dereito a traballar no país, que lles entregou a confianza e que gobernan, vai sendo hora de rectificalo porque non funciona. Rectifiquen, aposten pola industria e poñan en marcha xa un plan para salvar a fábrica de Alcoa Coruña, hoxe Alu Ibérica. Aproveiten o trámite de aprobación dos orzamentos. Desde o BNG presentaremos unha emenda para que se aproveite este trámite e abordar unha solución integral para a fábrica. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

Peche da pregunta polo vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, eu comprendo perfectamente que vostede confunda a situación que teñen neste Parlamento coa situación que teñen no Congreso dos Deputados por parte do Bloque Nacionalista Galego. Eu entendo perfectamente que vostedes se avergoñen do pacto que teñen asinado co Goberno, co seu socio. É un pacto que claramente está xerando a desindustrialización que se está producindo por parte do Goberno de España (*Protestas.*), avalado polo Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Pero, señor Fernández, non se equivoque. O Goberno de España claro que lles ten que dar explicacións aos galegos e ás galegas, e ten que vir aquí a explicarlles aos galegos e ás galegas por que a súa política industrial está xerando desemprego. Porque a situación de Alu Ibérica, señor Fernández, non é un problema de política industrial. A situación de Alu Ibérica é un problema de política enerxética, onde o Goberno ten a capacidade para establecer un prezo eléctrico competitivo para producir aluminio primario. Foi o compromiso do Goberno de España en xaneiro do ano 2019, e estamos en outubro do ano 2021 e, lamentablemente, o Goberno segue fallando ao seu compromiso, séguelles fallando aos traballadores de Alu Ibérica, séguelles fallando a todos os traballadores das empresas electrointensivas. E, lamentablemente, temos un goberno que ten, nestes momentos, en xaque os traballadores de Alcoa San Cibrao, os traballadores de Alu Ibérica, os traballadores de Ence por unha política enerxética ideolóxica que vostedes avalan. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Que vostedes avalan. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señor Fernández, mentres en España a empresa electrointensiva Alu Ibérica Coruña teña que pagar un 143 % máis que en Francia ou un 46 % máis que en Alemaña, o futuro dos traballadores de Alu Ibérica non terá ningún tipo de posibilidade de poder producir aluminio primario. Que non se confunda. Ese é o obxectivo da Xunta de Galicia. Se vostede quere falar dun plan industrial, ¿plan industrial de que, señor Fernández? Nós defendemos a produción de aluminio primario en Alu Ibérica Coruña. Foi o compromiso co Goberno de España asinado en xaneiro de 2019 e iso é o que imos seguir mantendo, e o que imos seguir exixindo ao Goberno que vostede apoia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con diversidade funcional do centro San Rafael de Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Paulo Ríos Santomé, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

E bo día, señor conselleiro.

Hoxe traemos unha pregunta urxente a este pleno, ao igual que urxente é solucionar a situación que viven moitas crianzas na comarca do Morrazo. Nenos e nenas con diversidade funcional que viron como os seus dereitos e necesidades foron postas en suspensión co comezo do estado de alarma, vai máis dun ano, e que aínda non recuperaron na súa totalidade. Estamos a falar de nenos e nenas que precisan dunha atención especializada e continuada, que non se está a dar por parte da Administración pública, neste caso do Sergas.

Como vostede sabe, a calidade de vida das nenas e nenos con diversidade funcional pasa por ter un sistema de coidados e atención públicos de calidade; porque esa é a diferenza entre poder ter unha vida mellor ou quedar no camiño. Dende o comezo do estado de alarma canceláronse, nun primeiro momento, as terapias para nenas e nenos que desfrutaban deste servizo no centro San Rafael de Vigo. Durante moitos meses, víronse totalmente desamparados e desamparadas xa que tanto o centro como o Sergas foron incapaces de poñerse de acordo para aprobar un protocolo para poder renovar as terapias. Ante as queixas das familias e o requirimento dunha resposta, dende o centro dicíase que o Sergas non estaba a poñer á súa disposición un protocolo para reanudar as terapias; mentres dende o Sergas —coma sempre, por outra banda— dicíase que non había ningún problema, que era cuestión de pouco tempo que esas terapias se reactivaran.

Aínda que xa eran insuficientes antes, as terapias de atención temperá xogan un papel fundamental no desenvolvemento das crianzas con diversidade funcional. Hoxe asistimos a unha reactivación parcial desas terapias no centro San Rafael de Vigo, unha reactivación parcial inasumíbel para as familias e que deixa no camiño a moitas crianzas afectadas.

Despois de tantos meses de suspensión destas terapias, moitas familias tiveron que asumir con moitas dificultades as diferentes terapias, tendo que recorrer a terapias privadas, con todo o que iso supón. Non pode ser que a calidade de vida destes nenos e nenas dependa da capacidade económica das súas familias. Non se pode permitir que os máis vulnerábeis queden no camiño. Non se pode permitir que a vida destes nenos e nenas se mida nos cartos que poden pagar. O seu traballo é que isto non aconteza, señor conselleiro, e unha vez máis falla.

Devolvan as terapias ás crianzas na súa totalidade e comecen a traballar na súa expansión e mellora. Non pode ser que a día de hoxe existan crianzas con diversidade funcional, ás que os seus facultativos ou facultativas lles digan que necesitan esas terapias e, ademais, de forma urxente, e que dende o Sergas se lles estea negando e as poñan nunha lista de espera, sen saber os criterios aos que obedece esa lista, nin cando van poder acceder a esas terapias. Que a vida destas crianzas e familias non dependa dos cartos, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos Santomé.

Resposta do conselleiro de Sanidade.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moi bos días, señorías.

Señor Ríos, a Consellería de Sanidade conta con recursos de atención temperá en todas as áreas sanitarias. Como saben, o traballo neste ámbito, dentro dos servizos públicos, conta con tres piares: o educativo, o social e o sanitario.

No eido educativo, os recursos céntranse no importante labor que desenvolven os equipos de orientación educativa.

No ámbito de política social, a Xunta realizou un importante esforzo coa ampliación da Rede Galega de Atención Temperá, para a que se convoca anualmente unha liña de subvencións para a creación e mantemento de unidades de atención temperá, neste caso, asignadas polos concellos. Esta rede autonómica goza hoxe de corenta centros para toda Galicia. Así mesmo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, conta con axudas económicas que se conceden directamente ás familias das nenas e nenos que requiren atención personalizada, para sufragar os custos do servizo dun profesional privado da súa elección, no caso de que así o requiran.

No ámbito sanitario —como dicía—, en todas as áreas sanitarias, contamos con unidades hospitalarias de atención temperá, que con profesionais como médicos rehabilitadores, psicólogos, fisioterapeutas, logopedas ou traballadores sociais atenden os nenos e as nenas, unha vez derivados desde o seu pediatra, para ser valorados ou tratados nestas unidades.

Para poder dotar de máis recursos para esta tarefa, parte da prestación dos servizos de atención temperá realízase a través dun contrato, que permite completar a actividade que se realiza, neste caso no Álvaro Cunqueiro, no que se atende a máis do oitenta por cento dos pacientes. Na última licitación incorporáronse unha serie de melloras que garanten unha mellor atención e máis coordinada, como, por exemplo, utilizar o sistema de citación corporativa para estes pacientes ou que os facultativos utilicen a historia clínica electrónica do Sergas para reportar toda a información e o Servizo de Rehabilitación, neste caso do Chuvi, poida facer un seguimento.

Así mesmo, tamén, ata a nova licitación, os tipos de terapias completadas eran unicamente dúas: simples ou combinadas, recibindo todos os nenos o mesmo número de sesións, sen ter en conta a complexidade de cada caso. Por iso se estableceron, por parte do servizo de rehabilitación do que depende, a unidade hospitalaria, diversos protocolos de tratamento e a intensidade axeitada a cada tipo de caso, incluíndoo no prego de prescricións técnicas que rexe o contrato.

Todas estas melloras están xa incorporadas dende finais do ano 2020, data na que está vixente este novo contrato —como dicía—. Desgraciadamente, a pandemia orixinou moitos inconvenientes na atención de determinadas patoloxías, como o de ter que pospoñer as terapias, especialmente nos meses de confinamento. Pero —como saben—, dende a Consellería de Sanidade fixemos un importante esforzo para recuperar en todos os ámbitos sanitarios a actividade perdida pola pandemia.



Moitos dos usuarios das unidades contan con patoloxías que os fan máis vulnerables fronte á covid, polo que foi preciso levar a cabo revisións médicas, neste caso, por parte dos profesionais. Desta forma revisáronse as historias e adaptáronse ás novas prescricións e aos novos protocolos, establecendo a priorización dos nenos.

É chamativo que pola súa parte se obvien as consecuencias da crise sanitaria implicada no sistema pero, aínda así, fixéronse todos os esforzos posibles para poder atender con maior calidade todas as nenas e nenos que precisaron unha cita de atención temperá e, por suposto, tamén os da comarca do Morrazo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, asistimos hoxe a un novo capítulo desta loita eterna que existe neste hemicyclo entre o que di a Xunta de Galicia e a realidade. Unha vez máis, óbviase por completo calquera tipo de realidade e calquera tipo de cuestión que pase no territorio, e quedamos con notas de prensa, con titulares, con datos nos papeis, que despois non se verifican na realidade, señor conselleiro.

Hoxe hai nenos e nenas ás que se lles está negando a atención ás terapias que necesitan, con máis dun sesenta e cinco por cento de discapacidade recoñecida, con facultativos e facultativas dicindo que teñen que continuar as terapias e de forma urxente, e estáselles mandando a unha lista de espera que non saben cando van saír dela e van poder acceder a esas terapias, ou cando non, ¡quen está nesa lista de espera!, ¡baixo que criterios! Iso é o que está pasando. Esa é a realidade e esa é unha parte desa loita eterna que hai neste parlamento e en todas as sesións plenarias e en todas as comisións. Iso é o que está pasando.

E eu o que lle pregunto é: ¿por que está o Sergas consentindo que haxa nenos e nenas cunha necesidade fundamental, que non ter esas terapias significa retroceder, que non ter esas terapias significa empeorar a súa calidade de vida non só inmediata, senón a futuro, e que moitas familias que non teñen realmente recursos para facelo, teñen que esforzarse máis do que poden, moitas veces, para poder brindarlles aos seus nenos e ás súas nenas a oportunidade de ter esas terapias que os axuden a desenvolverse mellor na vida, que teñan menos dores, que poidan ter unha mellor capacidade na fala, que poidan ter unha mellor capacidade na súa mobilidade, que poidan levar unha vida o máis normal e o máis satisfactoria posíbel?

Iso é o que está pasando a día de hoxe, señor conselleiro: ou ben obvia esa realidade, ou ben os protocolos que a Xunta de Galiza, que o Sergas, instaurou nesta última etapa para este fin non funcionan, son errados ou non están baseados na realidade.

Polo tanto, señor conselleiro, dende esta realidade, ¿que vai facer o Sergas? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos.



Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas, presidente.

Señor Ríos, ten razón vostede. Isto é un debate permanente, continuo, entre o que di unha cousa e o que non quere escoitar.

Dende o inicio do contrato ata o 30 de setembro deste ano atendéronse en San Rafael un total de 535 nenos. Vou dicilo outra vez por se non me entendeu: 535 nenos atendidos en San Rafael neste ano, dos que o 95 % continúan agora mesmo co tratamento neste centro, cunha media de 1,5 terapias por neno e un sesenta por cento corresponde a nenos menores de seis anos. Se quere doullo por escrito, fágolle un burofax... Non sei como podo dicirillo de xeito máis claro.

O total de terapias realizadas no marco deste contrato fanse conforme as prescricións dos facultativos en tipo e intensidade, ao tempo que figura na historia clínica —como dicía antes— o resultado diario delas, o que permite facer valoracións e axustes se fose preciso.

Ademais, para poder atender toda a demanda da área de Vigo, incluído por suposto O Morrazo, púxose en funcionamento antes do verán, concretamente a mediados do mes xullo, no Centro Integral de Saúde Taboada Leal un novo equipo de reforzo formado por un terapeuta ocupacional e un logopeda, ademais dun fisioterapeuta, do que xa contaba o centro, que atende fundamentalmente terapias combinadas, das que, actualmente, só temos unha semana de demora con dous pacientes en agarda.

Ademais, no Álvaro Cunqueiro contamos cun logopeda de reforzo, dende o mes de febreiro deste ano, que atende terapias complexas. Así, a área de Vigo pasou de contar con dous dispositivos asistenciais: o de Taboada Leal e o do Álvaro Cunqueiro reforzado, que se unen aos recursos previstos a través da contratación dos servizos de logopedia, atención temperá e rehabilitación infantil que se prestan no Fogar e Clínica San Rafael, por ser, por certo, os adxudicatarios deste contrato.

En resumo, o sistema de derivación realízase cun estrito seguimento de criterios de prioridade, tanto clínica como de capacidade de mellora e de autonomía dos nenos, realizándose coa máxima transparencia e equidade, de xeito que todos os nenos e nenas teñan garantida a accesibilidade ás terapias que precisen.

E mesmo incrementamos —como acabo de dicir— notablemente os recursos para poder atender toda a demanda, garantindo así unha asistencia para todas as familias que a requiran; e que todas as nenas e nenos poidan recibir as terapias máis axeitadas para eles, non só os do Morrazo, senón todos —como dicía— os da área de Vigo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.



**Pregunta de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Raquel Arias Rodríguez, do Grupo Parlamentario Popular.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Estes días estase pechando a vendima en Galicia. Unha colleita que todos coinciden en salientar que é histórica, sobre todo, polo número de quilos recollidos, máis de setenta e tres millóns en todas as denominacións, e o 60 % deles nas Rías Baixas unicamente, e tamén cunha calidade excepcional.

Son boas novas para un sector que é estratéxico en Galicia; estratéxico en canto aos datos económicos, pero tamén pola súa dimensión social, cultural e ambiental. Ademais, é un dos sectores máis internacionalizado e máis dinámico de toda a economía agraria da nosa terra. Un sector que ten sempre como aliada a Consellería do Medio Rural e a Xunta de Galicia, en xeral. Un sector ao redor do cal e das súas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas se concentran máis de dez mil viticultores, arredor de cincocentas adegas e que mobilizan un total de 230 millóns de euros.

Hai que destacar tamén deste sector que os prezos dos viños con denominación de orixe de Galicia teñen un custo dun sesenta por cento superior ao prezo de venda ao público da media que teñen os viños de denominación de orixe do conxunto de España. Son boas novas. Como son boas novas tamén que nos últimos tempos se incrementaron un vinte por cento as vendas nos lineais, de xeito moi especial, sobre todo, vencellado ao traballo que fixo a Consellería do Medio Rural durante a pandemia, para que os viños das nosas denominacións de orixe puideran estar presentes en maior medida neses lineais.

Pero tanto o sector como o grupo político que represento, así como a Xunta de Galicia, están convencidos de que non tocou teito, de que aínda hai moita marxe de manobra e aínda hai moito que facer neste sector. Neste sentido elabórase, tamén, a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Unha estratexia que se presentaba a finais de xuño e que ten por obxectivo consolidar a viticultura nos mercados nacionais e internacionais, consolidar os nosos viños de calidade neses mercados, reforzar a imaxe de marca vencellada ás zonas onde se producen e conseguir tamén un valor engadido a través da viticultura.

En definitiva, boas novas para un sector no que se influirá en varias medidas, medidas nas que hoxe nos gustaría que vostede se adentrase un pouco máis e nos explicase en que consisten, como van afectar e como se van desenvolver.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos e a todas.

Efectivamente, unha vendima extraordinaria en quilos e —eu engadiría— en calidade. E, ademais, como sempre, baseada nas variedades autóctonas galegas, que colocan o produto, como é o viño galego, en calquera parte do mundo. Diciao vostede, señoría, estamos falando xa de case un vinte e dous por cento de produción que se está comercializando en máis de setenta países ao redor do mundo.

Nós, na Consellería do Medio Rural, tratamos de facer a planificación o máis axeitada posible. Comezamos cun sector produtivo importantísimo como é o do lácteo e abordamos logo a elaboración da estratexia. Gustaríame resaltar o seu nome —como vostede moi ben dixo—: Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Isto non se trata de falar de viño; trátase de falar dun produto que é elemento fulcral para dinamizar todas esas comarcas, e que os que somos dalgunha comarca vitivinícola sabémolo ben.

Como tamén fixemos no lácteo, foi unha estratexia que contou cun intenso traballo participativo. Todos os axentes da cadea de valor: consellos reguladores, adegueiros, viticultores, as universidades galegas, axentes relevantes do territorio e tamén do sector turístico; pero é que, ademais, implicou a tres consellerías: a Vicepresidencia primeira con Turismo, a Vicepresidencia segunda co Igape e Medio Rural coa Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

Non imos falar aquí de consolidar o que xa temos, que é un sector moi potente, senón que queremos que o valor engadido do viño chegue a todos os elos da cadea de valor nas comarcas vitivinícolas.

A estratexia ten, afondando nela, sete eixos fundamentais. Cinco deles son competencia directa da Consellería do Medio Rural e os outros responden ou corresponden ás outras consellerías. Vou falar aquí agora de dous deles: a cooperación estratéxica e coordinación e tamén a viticultura e a produción de uva. Deixarei para a miña réplica os demais.

No que se refire á cooperación, estamos fomentando precisamente esa cooperación e colaboración entre as diferentes comarcas vitivinícolas coa bandeira de viños de Galicia e todas as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, sobre todo, de cara aos retos da internacionalización.

E no que se refire ao eixo da produción, a min gustaríame destacar dende logo dous programas específicos. O primeiro, un programa específico de mobilidade da terra, no que estamos



contando nese programa específico cos instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e pedindo ás denominacións de orixe a localización das mellores zonas para facer esas novas plantacións que son tan necesarias. Eu teño que dicir que entre as cinco denominacións de orixe nos requiriron dez mil hectáreas de polígonos, neste caso, para viñedo.

E o segundo que me interesaría resaltar, dende logo, é un plan de fomento de relevo xeracional e de incorporación de novos viticultores. Non hai futuro no ámbito vitivinícola se non conseguimos esa remuda que vai ligada precisamente aos polígonos agroforestais e aos criterios de priorización nesas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Señor conselleiro, vindo dunha comarca vitivinícola por excelencia como é a Ribeira Sacra, na que estamos traballando arreo por mellorar e valorizar os nosos produtos de excelente calidade, pero tamén completando con todo o que nos aporta a nosa terra ao redor do enoturismo e tendo a vista moi posta no relevo xeracional, que é agora mesmo un dos problemas no que temos que traballar, ten que entender que a min esta estratexia me resulta claramente positiva.

Pero incluso se saco esa subxectividade e me centro unicamente en criterios obxectivos, teño que dicir tamén que no meu grupo nos parece que estamos a falar dunha estratexia cunha valoración moi alta e con moito futuro, porque dende un punto de vista económico éo. Trátase de mellorar aínda os prezos que temos, que —como dicía— están nun sesenta por cento por riba da media das outras denominacións de orixe de España.

Seguiremos traballando nestes prezos de venda ao público para que mellore, por tanto, a produtividade dos viticultores, pero tamén na creación de empregos indirectos nas zonas onde se producen, tendo que ver fundamentalmente co enoturismo e, ¿como non? —vostede dicíao—, en fixar poboación no medio rural. Isto é algo no que toda a Xunta de Galicia está traballando e tamén, especialmente, dende a Consellería do Medio Rural.

Hai algo que me gustaría salientarmos tamén: o feito de que todos os actores que van ter que intervir na posta en marcha desta estratexia traballaron dende o primeiro momento nela, como o propio sector, as universidades, tres consellerías e a Fundación Juana de Vega, cunha ampla experiencia nestes temas.

Quero tamén destacar aquí o feito de que, unha vez máis, teñamos que pensar na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia cada vez que queremos falar de futuro agrario na nosa terra.

Polo tanto, quéroo felicitar, ao tempo que lle pido que, por favor, nos aclare cales son os outros puntos...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...nos que se vai centrar esta estratexia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Si, moitas grazas.

Por suposto, señoría, a Ribeira Sacra é unha comarca vitivinícola extraordinaria, como é Monterrei, Valdeorras, o Ribeiro e as Rías Baixas, ademais das indicacións xeográficas protexidas.

Creo —e dígollo con total convicción— que os viños galegos son e teñen un potencial extraordinario en calquera parte do mundo, e aínda imos poder crecer moito máis con esta estratexia e desenvolver as nosas comarcas vitivinícolas baseándonos nun principio fundamental: que o valor engadido do viño ten que chegar a todos os elos da cadea de valor, dende o produtor ata as bodegas e, evidentemente, tamén á fase de comercialización.

Falaba antes de sete elos e de sete eixos estruturais. Por completar, no seguinte eixo, que é o da industria, temos que traballar nun tema importante, que é precisamente o tamaño das nosas explotacións, neste caso, das nosas bodegas, co fin de permitir incrementar ese tamaño. Nós aquí queremos poñer de relevo o esforzo que fixemos, tanto no ano 2020 como no 2021, para garantir que toda a uva se recollera nas nosas denominacións de orixe a prezos de mercado, a través da creación dun instrumento financeiro. Somos a segunda comunidade autónoma que activou o instrumento financeiro no marco do Feader —como digo— para facer un instrumento financeiro que era o «préstamo vendima», que lles permitiu ás bodegas comprar —e puxemos ese requirimento, por primeira vez, nunha orde— as uvas a prezo de mercado.

O seguinte eixo no que estamos a incidir é no da comercialización. É evidente que é unha cuestión que non só nos ocupa senón que tamén nos preocupa, aínda que somos conscientes do traballo que están a desenvolver as nosas bodegas.

Dicíao vostede antes, na internacionalización —tamén o trasladaba eu— imos asistir seguramente cando se dean os datos deste ano, que aínda non son públicos, a un crecemento extraordinario no ámbito internacional. Pero é que, ademais, defendemos durante a pandemia a boa comercialización dos nosos produtos, e aí temos que incidir probablemente tamén a través dunha promoción conxunta, a través da idea de Galicia Calidade tamén nos viños.

No que se refire á organización das denominacións de orixe, temos clarísimo que cada denominación de orixe ten as súas propias características, pero hai que traballar nun apoio conxunto aos viños de Galicia.

E non quero rematar a miña intervención sen falar de algo que non me compete, pero que ten que ver tamén, como é o eixo do turismo, en especial, do enoturismo. Hai que recordar



que boa parte das denominacións están localizadas en zonas que se van ver moi favorecidas pola entrada do AVE, cando corresponda.

Finalizamos tamén na mellora —dentro dos eixos— da gobernanza das comarcas, impulsando a cooperación e a coordinación dos axentes do territorio.

En definitiva, señorías: cooperación, produción, industria, comercialización, organización, turismo e gobernanza, planificación e aposta, sen ningunha dúbida, polo noso rural.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno.

Nada máis. Boa tarde.


*Remata a sesión á unha e trinta e sete minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

|                                       |       |  |       |
|---------------------------------------|-------|--|-------|
| 1. Aira Díaz, María del Carmen        | (BNG) | 39. Pazos Couñago, José Alberto            | (P)   |
| 2. Álvarez Martínez, Luis Manuel      | (S)   | 40. Pérez Fernández, Rosana                | (BNG) |
| 3. Amigo Díaz, María Encarnación      | (P)   | 41. Pérez López, Daniel                    | (BNG) |
| 4. Arangüena Fernández, Pablo         | (S)   | 42. Pérez López, Noelia                    | (P)   |
| 5. Arias Rodríguez, Raquel            | (P)   | 43. Pomar Tojo, Carmen María               | (P)   |
| 6. Armada Pérez, José Antonio         | (P)   | 44. Pontón Mondelo, Ana                    | (BNG) |
| 7. Balseiro Orol, José Manuel         | (P)   | 45. Porro Martínez, María Corina           | (P)   |
| 8. Bará Torres, Xosé Luís             | (BNG) | 46. Prado Cores, María Montserrat          | (BNG) |
| 9. Caballero Miguez, Gonzalo          | (S)   | 47. Prado del Río, Paula                   | (P)   |
| 10. Calvo Pouso, Diego                | (P)   | 48. Presas Bergantiños, Noa                | (BNG) |
| 11. Candia López, María Elena         | (P)   | 49. Puy Fraga, Pedro                       | (P)   |
| 12. Carballo Páez, Ramón              | (P)   | 50. Queixas Zas, Mercedes                  | (BNG) |
| 13. Carreira Pazos, Iria              | (BNG) | 51. Quintana Carballo, Rosa María          | (P)   |
| 14. Castro García, Daniel             | (BNG) | 52. Rey Varela, José Manuel                | (P)   |
| 15. Castro Rey, Paloma                | (S)   | 53. Ríos Santomé, Paulo                    | (BNG) |
| 16. Conde López, Francisco José       | (P)   | 54. Rivas Cruz, Xosé Luís                  | (BNG) |
| 17. Díaz Mouteira, María Sol          | (P)   | 55. Rodeiro Tato, Ovidio                   | (P)   |
| 18. Díaz Varela, Noa Susana           | (S)   | 56. Rodil Fernández, Olalla                | (BNG) |
| 19. Egerique Mosquera, Teresa         | (P)   | 57. Rodríguez Carrera, María Felisa        | (P)   |
| 20. Fernández Alfonzo, Ramón          | (BNG) | 58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen    | (S)   |
| 21. Fernández Gómez, Alexandra        | (BNG) | 59. Rodríguez González, Román              | (P)   |
| 22. Ferro Iglesias, José Luis         | (P)   | 60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P)   |
| 23. Francisco Rivera, Juan Carlos     | (S)   | 61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña        | (S)   |
| 24. Gallego Sanromán, María Leticia   | (S)   | 62. Rueda Valenzuela, Alfonso              | (P)   |
| 25. García Martínez, Fabiola          | (P)   | 63. Santalices Vieira, Miguel Ángel        | (P)   |
| 26. García Vidal, Ana Belén           | (P)   | 64. Santos Costa, Manuel                   | (P)   |
| 27. González Albert, María            | (BNG) | 65. Sanz Arias, Cristina                   | (P)   |
| 28. González Iglesias, María do Carme | (BNG) | 66. Seco García, Martín                    | (S)   |
| 29. González Vázquez, José            | (P)   | 67. Suárez Sarmiento, María Elena          | (P)   |
| 30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio   | (BNG) | 68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago            | (BNG) |
| 31. Lorenzo Gómez, Rubén              | (P)   | 69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel        | (P)   |
| 32. Martínez García, Valeriano        | (P)   | 70. Torrado Quintela, Julio                | (S)   |
| 33. Murillo Solís, María Guadalupe    | (P)   | 71. Vázquez Domínguez, Sandra              | (P)   |
| 34. Nóvoa Iglesias, Marta             | (P)   | 72. Vázquez Mejuto, María Ángeles          | (P)   |
| 35. Núñez Feijóo, Alberto             | (P)   | 73. Vázquez Mourelle, Ethel María          | (P)   |
| 36. Ortega Otero, Marina              | (S)   | 74. Vega Pérez, Daniel                     | (P)   |
| 37. Otero Lago, Noelia                | (S)   | 75. Verea Fraiz, Borja                     | (P)   |
| 38. Otero Rodríguez, Patricia         | (S)   |  |       |





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

